

**A C T A 10/2022**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 28 DE SETEMBRO DE 2022 -**

Na Casa do Concello, a vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiras/os:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González  
D.<sup>a</sup> Patricia Castelao Ferreiro

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 959/2022 DO 21/07/2022 Á 1221/2022 DO 22/09/2022)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ**
- 4.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2021**
- 5.- DITAME DA APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN ERROS ANEXO DE PERSOAL ORZAMENTO 22**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECLAMACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DP-0205 E DE SEGURIDADE VIARIA NO NÚCLEO DA IGREXA (LUOU)**
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DA PARTICIPACIÓN NO POS + ADICIONAL 2022. 2ª FASE**
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL DA CONVIVENCIA VECIÑAL**
- 10.- MOCIÓN**
- 11.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e tres minutos, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 959/2022 DO 21/07/2022 Á 1221/2022 DO 22/09/2022).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de xullo ata o 22 de setembro de 2022, que comprenden os número 959 ao 1221.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

**2.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

***“DACIÓN DE CONTA***

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

**De acordo co exposto, dase conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con**

**un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.**

Teo, na data da sinatura dixital da presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira “

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ.**

O sr. alcalde refírese á proposición do 23 de setembro de 2022, sobre a Prórroga do Convenio do Servizo de Atención Temperá, e explica que, aínda que xa se comentou nas Comisións Informativas, non foi ditaminada nas mesmas, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposición da Alcaldía, de 23 de setembro de 2022, que se recolle a continuación.

#### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO. PRORROGA DO CONVENIO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 29 de setembro de 2021, acordou aceptar a encomenda de xestión do Concello de Ames para a prestación

do servizo de atención temperá e aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá)”, facultando ao alcalde do Concello de Teo para a sinatura do Convenio e demais actuacións precisas para a execución do acordado.

O citado Convenio foi asinado o 11 de outubro de 2021 polo alcalde do Concello de Ames e polo alcalde do Concello de Teo, en representación dos respectivos Concellos.

Mediante Decreto da Alcaldía de 8 de marzo de 2022 (res. 319/2022), corrixiuse un erro material no anexo do Convenio, “modificando o recollido no apartado denominado *“Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social”*, de tal forma que onde se establece *“Berta Conde López, con DNI:77407883A”*, se estableza *“Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI: 33252651X”*. O citado Decreto foi ratificado polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30 de marzo de 2022.

Tendo en conta a valoración positiva efectuada pola Comisión Mixta de seguimento deste convenio respecto da posibilidade de dar continuidade a esta forma de xestión do servizo de atención temperá.

En base á previsión de continuidade de financiamento deste servizo social pola administración autonómica e atendendo aos requisitos establecidos na última orde de convocatoria das axudas para este fin, que se concreta na Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo P. O. FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS700A), publicada no DOG núm. 27 do 9 de febreiro de 2022.

Visto o informe técnico da coordinadora de servizos sociais do Concello de Teo sobre o servizo de atención temperá conveniado co Concello de Ames, do 19 de setembro de 2022, o informe de Secretaría, de 20 de setembro de 2022, e o informe de intervención, de 23 de setembro de 2022.

En virtude do exposto, e de acordo co artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.**- Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023.

**Segundo.**- Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a realización das actuacións precisas para a execución do presente.

**Terceiro.**- Facer público a prórroga do Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Cuarto.**- Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

**Primeiro.-** Prorrogar o CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se reda a Rede galega de atención temperá), dende o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023.

**Segundo.-** Facultar ao alcalde do Concello de Teo para a realización das actuacións precisas para a execución do presente.

**Terceiro.-** Facer publico a prórroga do Convenio no BOP da Coruña e no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e no artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos oportunos.

#### **4.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2021.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 2 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, de 8 de xuño de 2022.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021, formada segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e co contido sinalado no artigo 209.

Considerando que devandita Conta Xeral foi informada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Asuntos Económicos, na súa sesión celebrada en data 08/06/2022.

Tendo en conta que a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021 estivo exposta ao público durante quince días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 112, de data 14/06/2022, podendo as persoas interesadas presentar reclamacións, reparos ou observacións durante devandito prazo de quince días hábiles.

Considerando que durante o prazo legalmente establecido non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións, segundo consta no informe emitido polos servizos xerais.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 212.4 do TRLRFL, proponse AO PLENO:

**Primeiro**.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021.

**Segundo**.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

**Terceiro**: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2021, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro”.

O sr. alcalde explica que a conta se debateu na Comisión especial de contas e foi exposta debidamente, non tendo ningunha reclamación no prazo legalmente establecido, polo que procede aprobala e rendela diante do Tribunal de Contas, ao tratarse dun requisito básico para poder seguir percibindo subvencións e outro tipo de trámites.

O sr. alcalde aclara que a rendición de contas, moito máis alá da opinión da xestión que cada un teña, son números obxectivos, que o equipo de goberno non saca, senón



que o fai o departamento de intervención e que neste caso deixan un resultado orzamentario axustado do ano 2021, de 196.558 €, é dicir, que se recupera, despois de ter un déficit importante no ano 2020. Explica que o remanente de Tesourería para gastos xerais está en 168.667,00 €, e aí hai que ter en conta cuestións que empezan a pesar moito, como a débeda de Aquagest, que aínda está en vía xudicial, xa que é a estratexia que ten neste momento a compañía, engadindo que o feito de levalo incorporado durante tantos anos no orzamento e non efectivizalo penaliza dunha forma importante nese concepto.

Sinala o sr. alcalde que o aforro neto é positivo, de aproximadamente un millón de euros, e o nivel de endebedamento está no 30,38 %, igual que o ano anterior. Reitera que, máis alá da crítica que se poida facer, son datos obxectivos das contas do ano pasado e é a obriga do Concello aprobalas para transmitilas ao Consello de Contas.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra, Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra Lemus, quen manifesta o apoio do seu grupo á proposta.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra Calvo anuncia a abstención do seu grupo. Manifesta que a conta é unha foto fixa da xestión, e é un documento técnico de obrigado cumprimento. Sinala que no orzamento 2021 xa dixera que non había moita planificación. Di que iso se corrobora neste documento porque por exemplo para a paga extra de decembro de 2021 e pago de facturas a provedores, houbo que realizar dúas transferencias de crédito, concretamente a 02/21 e a 03/21, segundo consta no informe de Intervención.

Di que eses gastos son ineludibles por parte do Concello, e deben de existir, loxicamente, créditos adecuados e suficientes nas previsións iniciais. Salia a sra. Calvo que repite o que dixera con motivo da Conta do 2020, que hai que ter previsión e que non se ve que exista.

Refírese a sra. Calvo á execución do capítulo 6 de investimento e gastos, que ascende a un 38%. Di que só foron capaces de executar 4 millóns dos 10 que hai nese capítulo, e que a este paso non se fai, engadindo que hai que axilizar un pouco para aplicalos.

Sinala a sra. Calvo que, no que se refire ao capítulo 6 de ingresos, un ano mais, como di a Interventora no seu informe na páxina 8, están inflando os orzamentos de ingresos para dar lugar a maior gasto de inversión, con supostas vendas de solares que non se materializan. Salienta a sra. Calvo que dos solares fálase todos os anos e xa son un clásico e que agora o sr. alcalde di que os van vender todos en catro meses. A sra. Calvo deséxalle boa sorte. Sinala que isto provoca unha alteración no anexo de inversións, posto que se describen inversións que se van realizar pero parece que non se respecta xa que eses gastos están afectados pola venda dos terreos, que non se chega a executar, polo que sempre se está a falar do mesmo.

Refírese a sra. Calvo ao informe de intervención e di que hai algo que quere reseñar, que se concreta na páxina 11 do mesmo na que se indica que existen 1.191.547,62 € de dereitos pendentes de cobro, de orzamentos pechados.

Deduce a sra. Calvo que se está a gastar máis do que se ingresa e iso é porque o orzamento de ingresos non é real, pois está baseado en estimacións que non se cumpren como os capítulos 3, 4, 5, 6 e 7. Aclara a sra. Calvo que todo o que está a falar, non é que o diga o seu grupo, senón que está sacado do informe de Intervención.

Con respecto ao capítulo 3 só se recadan ingresos por apenas 84% do total do orzamentado, que son case 500.000 €. Manifesta a sra. Calvo que o sr. alcalde xustificou no informe económico que acompaña o expediente un incremento dos ingresos da taxa de auga polos novos usuarios, logo de regularizacións e ampliación da rede, engadindo que non sabe onde está ese diñeiro.

Di a sra. Calvo que outra cousa que lle preocupa é a evolución do remanente de Tesourería. Di que nos últimos catro anos pasou de 2,3 millóns de positivo a 168.000 €, o que supón unha baixado dun 93%. Pensa que hai que tomar medidas correctivas, que non se poden inflar así os orzamentos de ingresos e gastar sen control e que, á larga, o que vai haber é un problema de liquidez no Concello.

Di a sra. Clavo que parece que se repite todos os anos pero é porque hai unha xestión, que non vai pór en entredito, pero que non se axusta ao que precisa o Concello de Teo. Di que se precisan medidas correctoras, engadindo que o que está dicindo o avalan os números e o informe dos técnicos do departamento de Intervención. Pensa que hai que facer orzamentos realistas porque é bastante importante, como xa se está vendo, saber xestionar o diñeiro de todos os veciños.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que en todo caso non queren entorpecer a xestión administrativa, polo que se van a abster.

O sr. alcalde responde que sen querer entrar en debate, como ben di a sra. Calvo, hai cuestións que son obxectivas e que expresan os números. Di que, en todo caso, os orzamentos son sempre unha previsión de gastos, é dicir, que necesariamente é unha previsión do que vai acontecer. Hai que ter certa capacidade de manobra sobre o orzamento, precisamente porque moitas veces o que se prevé tanto en gastos coma en ingresos non chega a producirse. Sinala que a responsabilidade é o resultado dunha boa xestión é, a pesar de que se contabilicen por exemplo 500.000 € en ingresos por venta de solares e non se faga, non hai un déficit de 500.000 € porque se se prevera ingresalos e se gastaran coma se se tivesen cobrado claro que o resultado final sería un déficit. Por iso di que asumen a responsabilidade de non ter vendido as fincas en tempo pero tamén a responsabilidade de ter manobrado a tempo co orzamento, con transferencias ou con outros recursos, para que ao final de todo o balance do resultado sexa que se gastou 196.000 menos do que se ingresou, sendo ese o resultado orzamentario. Pensa o sr. alcalde que é unha xestión bastante responsable, sen obviar algunhas críticas, que sempre é unha situación difícil, porque moitas veces cabalgan en varios exercicios cuestións coma os investimentos do IDAE, que se prevé por exemplo gastar 400.000 € e non se fai porque non se completaron as obras que están dentro de prazo e hai que orzamentalas antes de iniciar a execución, etc. É dicir, que non é fácil unha xestión económica, e en todo caso asumen as críticas. Sinala que máis alá diso tamén fan fincapé en que ao final non están empobrecendo ao Concello, en todo caso hai 196.000 € máis de ingresos que de gastos.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e sete abstencións (7 PP), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Teo correspondente ao exercicio 2021.

**Segundo**.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Tribunal de Cuentas, tal e como se establece no artigo 212.3 do TRLRFL, así como ao Consello de Contas de Galicia, segundo o establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas.

**Terceiro**: Enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a Conta Xeral 2021, nos termos que indica a Orde HAP/2105/ 2012, de 1 de outubro.

## **5.- DITAME DA APROBACIÓN INICIAL TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 22 de setembro de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO**

Considerando o deficiente estado que presentaban algunhas escolas infantís do CRA de Teo e a necesidade de facer fronte a reformas inaprazables aproveitando a tempada de vacacións escolares

Considerando o incremento brutal da tarifa eléctrica que triplicou algúns dos custos estimados, especialmente o gasto enerxético vinculado a ETAP e as EDARes

Considerando que hai partidas económicas previstas para este exercicio pero que poden ser aprazadas para exercicios vindeiros ou minoradas nos seus obxectivos

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:

| Procedencia | Destino   | Importe  |
|-------------|-----------|----------|
| 241/22199   | 320/62200 | 75.000€  |
| 430/61900   | 340/62200 | 25.000€  |
| 933/68100   | 161/22100 | 180.000€ |

**Segundo.-** Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia”.

O sr. alcalde di que esta é, como se dicía antes, unha desas necesidades de capacidade de manobra que hai que ter. Hai competencias que son plenarios entre os distintos capítulos e por iso veñen a Pleno e hai que levalo a cabo agora, cando outros anos non se fixo, igual por non ser tan previsores en principio, pois é unha tramitación complexa, que require a publicación, un prazo de exposición e demais.

Sinala que esas transferencias van vinculadas a un gasto importante nas escolas infantís, que houbo que facer para poder aproveitar algún edificio con plena potencialidade, como foi o da escola da Casalonga, e pola imprevisión, que isto si que é unha imprevisión, do incremento brutal da tarifa enerxética.

Lembra que sinalaba o outro día na Comisión, como exemplo, o feito de que un custo que xa de por si é excesivo e condiciona moito o servizo de abastecemento que é por exemplo ter un gasto mensual duns 28 ou 29 mil euros polo bombeo da ETAP e mandar toda a auga ao depósito de Rialdomato para a distribución, pois este ano chegaronse a pagar recibos de 90.000 €, o cal é unha auténtica salvaxada. Pensa que haberá que incidir en medidas de autoproducción pero que requiren o seu tempo.

Salienta que por iso se propoñen esas transferencias que se sinalan no ditame, entre outras cousas sacando da compra de parcelas que estaba prevista. Explica que se

mercou a parcela do Centro de saúde, engadindo que esa previsión era para facerse coa Carballeira de Francos que non se puido executar porque ese investimento vai vinculado á venda das parcelas. En poucos días sairá o anuncio da venda das parcelas, esperando ter completado o proceso antes de final de ano, e como se conta con prorrogar os orzamentos iniciárase ese proceso tan pronto estea completado o da venda de parcelas, para que a Carballeira de Francos, xa que este ano non vai a poder ser, para o próximo sexa propiedade municipal.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da mesma.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, sobre todo polo tema da desaparición do crédito para a expropiación das parcelas, porque por segundo ano non hai esta expropiación. Di que o sr. alcalde o vencella á venda de parcelas pero pensa que é moito vencellar.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, porque efectivamente isto si que é unha cousa sobrevida, o da luz e demais gastos, porén a paga extra dos funcionarios non é un gasto sobrevido. Sinala que de acordo con isto o sr. alcalde sabe perfectamente que o que ela di é certo, que non hai unha previsión, que entende que tería un mal día cando o fixo, que non entra aí, pero que este tema é outra cuestión que ninguén podía prever, que a luz alcanzaría eses récords históricos e entón pola súa parte van apoiar o ditame.

O sr. alcalde sinala que en todo caso os funcionarios cobraron a paga extra grazas á transferencia. Sinala que o capítulo de persoal é un capítulo no que normalmente hai que facer transferencias e ademais nin sequera son de acordo plenario as transferencias nese capítulo. Obviamente pode haber pequenos desaxustes coma ese, xa que a paga extra de cada persoa vai no seu capítulo, por exemplo, as de educación en educación, etc..., e sempre se poden producir pequenas distorsións entre un servizo e outro e a iso responde a transferencia.

A sra. Calvo di que o problema é que sempre chega algo, que se pode facer substancialmente mellor e que, de todas formas, eles non din que a xente non cobre e se se vai ao histórico de votación se verá que eles sempre se abstiveron nas votacións de transferencias de crédito.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 2 BNG), e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar as seguintes transferencias de crédito das partidas afectadas:**

| Procedencia | Destino   | Importe  |
|-------------|-----------|----------|
| 241/22199   | 320/62200 | 75.000€  |
| 430/61900   | 340/62200 | 25.000€  |
| 933/68100   | 161/22100 | 180.000€ |

**Segundo.- Expoñer as citadas transferencias de crédito ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación entenderase aprobada definitivamente, e será inxerida no Boletín Oficial da Provincia.**

## **6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CORRECCIÓN ERROS ANEXO DE PERSOAL ORZAMENTO 22.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 22 de setembro de 2022.

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA CORRECCIÓN ERROS NO ANEXO DE PERSOAL DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2022

Detectados erros no cadro de Anexo de Persoal dos Orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022

Considerando que as retribucións reais que perciben as persoas traballadoras do concello correspóndense co salario que realmente lles corresponde, a fin de evitar interpretacións erradas que poidan trasladarse a futuros exercicios, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

### ACORDO:

**Primeiro.-** Realizar a corrección de erros no Anexo de Persoal dos Orzamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022 no cadro que recolle as retribucións do persoal funcionario da Administración Xeral e de Política Económica e Fiscal, que quedaría do seguinte xeito:

| Nº                                 | GRUPO<br>PROG | ESCALA            | SUBESCALA               | CATEG.  | GRUPO | NIVEL | RETRIBUC.<br>BÁSICAS EX.<br>TRIENIOS | CD*14     | CE *14    | RET. TOT.   | SITUACIÓN    |
|------------------------------------|---------------|-------------------|-------------------------|---------|-------|-------|--------------------------------------|-----------|-----------|-------------|--------------|
| 20                                 | 920           | HABILITACION EST. | SECRETARÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,87                            | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,63 € | P            |
| 21                                 | 920           | HABILITACION EST. | SECRETARÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,87                            | 13.015,94 | 23.272,90 | 52.681,71 € | P            |
| 22                                 | 920           | ADMÓN. XERAL      | TÉCNICA RRHH            |         | A2    | 26    | 14.415,03                            | 10.917,63 | 17.005,24 | 42.337,90 € | V-O.I.       |
| 23                                 | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA(XSA)     |         | C1    | 22    | 11.040,40                            | 7.972,24  | 17.005,24 | 36.017,88 € | P            |
| 24                                 | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,40                            | 7.972,24  | 16.235,80 | 35.248,44 € | P            |
| 25                                 | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,40                            | 7.972,24  | 16.235,80 | 35.248,44 € | P            |
| Lb 50                              | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                            | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| Lb 51                              | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                            | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| 26                                 | 920           | ADMÓN. XERAL      | SUBALTERNA              |         | AP    | 14    | 8.576,26                             | 4.769,80  | 10.743,74 | 24.089,80 € | V-O.I.       |
| <b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>        |               |                   |                         |         |       |       |                                      |           |           |             |              |
| 27                                 | 931           | HABILITACION EST. | INTERVENCIÓN-TESOURERÍA | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,90                            | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,66 € | P            |
| 28                                 | 931           | HABILITACION EST. | TESOURERÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,90                            | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,66 € | P            |
| 29                                 | 931           | ADMÓN. XERAL      | TECN. XEST ECONÓMICA    |         | A2    | 26    | 14.415,03                            | 10.917,63 | 17.005,24 | 42.337,90 € | P            |
| 30                                 | 931           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,38                            | 7.972,24  | 16.235,79 | 35.248,41 € | P            |
| Lb 55                              | 920           | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                            | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| <b>POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL</b> |               |                   |                         |         |       |       |                                      |           |           |             |              |

**Segundo.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a citada corrección de erros a efectos informativos”.

O sr alcalde di que se detectou dentro deses capítulos que aparecen na proposta unha disfunción no complemento de destino e algún no complemento específico dalgúns funcionarios, de 2 ou 3 persoas. No orzamento estaba ben orzamentado en cada apartado pero ao transcribir o capítulo do anexo de persoal colleuse algún dato do ano pasado e deu lugar a ese erro. Sinala que, previsiblemente vaise funcionar con



orzsamentos prorrogados, e se hai unha nova Corporación considérase necesario corrixir ese erro para que non se traslade ao futuro, tendo en conta ademais que todo o persoal estaba a percibir as cantidades correctas, xa que o que está mal é so o cadro.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da súa quenda de intervención.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, anuncian o apoio do seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Realizar a corrección de erros no Anexo de Persoal dos Orzsamentos municipais correspondentes ao exercicio 2022 no cadro que recolle as retribucións do persoal funcionario da Administración Xeral e de Política Económica e Fiscal, que quedaría do seguinte xeito:**

| Nº                                 | GRUPO PROG | ESCALA            | SUBESCALA               | CATEG.  | GRUPO | NIVEL | RETRIBUC. BÁSICAS EX. TRIENIOS | CD*14     | CE *14    | RET. TOT.   | SITUACIÓN    |
|------------------------------------|------------|-------------------|-------------------------|---------|-------|-------|--------------------------------|-----------|-----------|-------------|--------------|
| 20                                 | 920        | HABILITACION EST. | SECRETARÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,87                      | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,63 € | P            |
| 21                                 | 920        | HABILITACION EST. | SECRETARÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,87                      | 13.015,94 | 23.272,90 | 52.681,71 € | P            |
| 22                                 | 920        | ADMÓN. XERAL      | TÉCNICA RRHH            |         | A2    | 26    | 14.415,03                      | 10.917,63 | 17.005,24 | 42.337,90 € | V-O.I.       |
| 23                                 | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA(XSA)     |         | C1    | 22    | 11.040,40                      | 7.972,24  | 17.005,24 | 36.017,88 € | P            |
| 24                                 | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,40                      | 7.972,24  | 16.235,80 | 35.248,44 € | P            |
| 25                                 | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,40                      | 7.972,24  | 16.235,80 | 35.248,44 € | P            |
| Lb 50                              | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                      | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| Lb 51                              | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                      | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| 26                                 | 920        | ADMÓN. XERAL      | SUBALTERNA              |         | AP    | 14    | 8.576,26                       | 4.769,80  | 10.743,74 | 24.089,80 € | V-O.I.       |
| <b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>        |            |                   |                         |         |       |       |                                |           |           |             |              |
| 27                                 | 931        | HABILITACION EST. | INTERVENCIÓN-TEsourERÍA | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,90                      | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,66 € | P            |
| 28                                 | 931        | HABILITACION EST. | TEsourERÍA              | ENTRADA | A1    | 30    | 16.392,90                      | 15.147,86 | 23.272,90 | 54.813,66 € | P            |
| 29                                 | 931        | ADMÓN. XERAL      | TECN. XEST ECONOMICA    |         | A2    | 26    | 14.415,03                      | 10.917,63 | 17.005,24 | 42.337,90 € | P            |
| 30                                 | 931        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.040,38                      | 7.972,24  | 16.235,79 | 35.248,41 € | P            |
| Lb 55                              | 920        | ADMÓN. XERAL      | ADMINISTRATIVA          |         | C1    | 22    | 11.211,84                      | 0,00      | 0,00      | 11.211,84 € | V-PI Cruzada |
| <b>POLÍTICA ECONOMICA E FISCAL</b> |            |                   |                         |         |       |       |                                |           |           |             |              |

**Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a citada corrección de erros a efectos informativos.**

Sendo as vinte horas e vinte e catro minutos abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela.

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECLAMACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DP-0205 E DE SEGURIDADE VIARIA NO NÚCLEO DA IGREXA (LUOU).**

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de setembro de 2022.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA Reclamación de ampliación da DP-0205 e de seguridade viaria do núcleo da Igrexa (Luou)**

A estrada DP 0205 ten un trazado de 13.010m que une Bertamiráns (Ames) coa Ramallosa (Teo) e soporta un tráfico moi intenso como vía de conexión da AG 59 e da AC-841 coa AG 56 e a N-550. Esta vía foi ampliada na súa totalidade hai máis dunha década, incluso con variantes de varios quilómetros para retirala dos núcleos tradicionais polos que pasaba. Incomprensiblemente, un tramo de algo máis de tres quilómetros comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), quedou fóra do proxecto e nun estado de lamentable abandono en canto á seguridade viaria.

O 27 de xuño de 2008 a Deputación provincial aprobou un proxecto técnico de ampliación e mellora deste tramo, chegando incluso a anunciar a urxente expropiación (BOP do 1 de febreiro de 2010). A realidade é que catorce anos despois o único que se fixo foi dilapidar aglomerado recrecendo innecesariamente a plataforma, o que incrementou os problemas de seguridade viaria e orixinou outros co estancamento das pluviais.

As continuas reclamacións dos gobernos municipais foron desatendidas pola Deputación provincial, con boas palabras pero absoluta falta de compromiso real. O 1 de decembro do 2015 D. José Manuel Pequeño, deputado provincial responsable de Vías e Obras, visita co Alcalde e a concelleira de Urbanismo as curvas do Aido, comprometéndose a redactar un novo proxecto ao longo do 2016. O 18 de maio de 2017 é o propio Presidente da Deputación o que ven a Teo a presentar o proxecto da variante da DP8202 (por certo, obra sen iniciar máis de 5 anos despois), e visita no TeoBus a ponte e as curvas do Aido, comprometéndose unha vez máis a redactar o proxecto con urxencia (ante a evidencia de que non fixeran nada ao respecto). Outra volta, o 19 de febreiro de 2019, na reunión mantida na Coruña pola concelleira de Urbanismo e o Arquitecto municipal co Presidente da Deputación,ponse enriba da mesa o tema da ampliación da DP 0205, cun novo compromiso de redacción do proxecto dunha variante.

O último episodio do desleixamento da Deputación conséntase na reunión entre o Presidente da Deputación e o Alcalde de Teo celebrada na Coruña o 14 de xaneiro de 2021, na que se manifesta expresamente a non existencia de ningún proxecto sobre este tramo nin, tan sequera, a contratación da redacción do mesmo, comprometida repetidamente. Diante desta situación insostible, o Alcalde e o Presidente da Deputación, despois de facerlle ver o insostible e discriminatorio da situación, chegan a un acordo expreso: A Deputación comprométese a licitar ese mesmo ano a redacción do proxecto dunha primeira fase da ampliación da estrada entre A Igrexa de Luou e a ponte do Aido (que inclúe a construción dunha nova ponte e unha variante nas curvas do Aido) e o concello á redacción dun proxecto de seguridade viaria no tramo da carballeira e o cruce de Luou co obxecto de evitar a grave inseguridade viaria que se recoñece nese punto e na que, o propio Presidente recoñece o absurdo que resulta que a Deputación non autorice pasos de peóns mentres a estrada sega a ser de titularidade provincial. O compromiso conleva que o concello redacte o proxecto e tramite os permisos de Patrimonio para acto seguido asinar un convenio no que a Deputación cede ao concello ese tramo da estrada e financia entre o 50 e o 70% do custe da obra.

Cumprido o compromiso municipal co proxecto básico de “Recuperación do espazo urbano e paisaxístico na carballeira de Luou” asinado por Crecente y Fuertes SLP cun orzamento de 1.100.662€, e tramitado o permiso diante de Patrimonio (que require algunhas modificacións de escasa entidade), solicítase en maio de 2022 unha nova entrevista co Presidente da Deputación. A pesar da reiteración da solicitude de entrevista o 6 de xuño, ou de volver a facelo o 27 de xuño, o Presidente da Deputación non ten tempo para recibir ao Alcalde de Teo.

Despois de mostrar a indignación desta Alcaldía, telefonicamente ofértase dende a Deputación a posibilidade de ser recibidos por José Manuel Pequeño, deputado provincial responsable de Vías e Obras, cita a que asiste o Alcalde acompañado do Arquitecto municipal o 15 de xullo deste ano. Unha vez máis recoñécese que a Deputación non iniciou a redacción do proxecto de ampliación da DP 0205 no tramo comprometido e, ademais, indícase que o proxecto redactado polo concello non poderá realizarse se non existe unha vía alternativa ao tramo de Luou, cuestión que nunca se puxera enriba da mesa, obviamente, pois imposibilitaría esa alternativa e o concello non tería gastado os cartos en redactar o proxecto.

Neste período de continuos compromisos incumpridos co concello de Teo, conséntase ademais o trato discriminatorio da Deputación con respecto a outros concellos: así, sobre esta mesma estrada DP 0205, constrúese no concello de Ames, un carril bici dende Bertamiráns ata Agro do Muíño, cunha achega da Deputación de máis de medio millón de euros. Mentres, nas curvas Aido seguen a envorcar camións que se cruzan con autobuses sobre unha ponte de 3 m de ancho.

Consecuentemente, tomando en consideración o arriba exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**Primeiro.**- Esixir á Deputación que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.

**Segundo.**- Reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.

**Terceiro.**- Trasladar ao Presidente da Deputación a indignación desta Corporación pola falta de cumprimento dos compromisos asumidos reiteradamente”.

O sr. alcalde di que foi unha experiencia totalmente frustrante e que ademais non aconteceu nun día nin en dous senón ao longo de toda a lexislatura, incluso pode remontarse á anterior lexislatura.

Sinala que no último momento se lles pediu que se fixeran unha serie de trámites, que se fixeron, e cal foi a sorpresa cando os compromisos se quedaron en nada.

Explica que se gastou diñeiro na redacción dun proxecto, colaborouse no posible, e ao final o que se di é que a estrada é da Deputación así que a arranxen. Considera que non ten explicación que se estean gastando cartos en Ames en carril bicis na mesma estrada e en Teo sigan 3 quilómetros nunha situación absolutamente lamentable.

Explica que o que se pide no acordo é esixirlle á Deputación que solucione de forma inmediata os graves problemas de seguridade viaria no tramo da DP-0205, que é da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na carballeira de Luou ou nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide, que son as que corresponden a ese tramo que non está ampliado, e reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación dese tramo, que vai do punto quilométrico 7850 ao punto

quilométrico 11200.

Sinala tamén que ao igual que o concello ten limitacións a Deputación tamén as ten. Por exemplo, pensa que é unha limitación asumible o criterio técnico que se segue na Deputación da Coruña por exemplo con respecto tanto a redutores da velocidade como a semáforos como a pasos de cebra e demais. A constatación evidente é que a Deputación de Pontevedra, gobernada ademais polo mesmo partido, ten un criterio técnico absolutamente distinto e as estradas provinciais están cheas de lombas, de semáforos e de pasos de cebra. Aínda recoñecendo esas limitacións, que son as que impiden por exemplo poñer un paso de cebra en Luou, a conclusión é que iso obriga máis a ir a unha solución definitiva.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, non fai uso da súa quenda.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que o seu grupo vai a apoiar a proposta, engadindo que non vai a entrar nas formas. Considera que para ser unha moción institucional é un pouco curiosa, aínda que non vai entrar nese tema.

Explica a sra. Lemus que chamou á Deputación para preguntar exactamente que pasaba, porque non entendía que acontecía. Di que co técnico que falou entendía que o que había que facer neste caso, tendo en conta as obras que se pretendían levar a cabo, era unha cesión dese tramo da estrada da Deputación ao Concello, e como tal tramo intermedio e como o artigo 18 da lei de estradas de Galicia di que é necesario que haxa unha variante, a eles coa variante planificada ou existente lles valía.

A sra. Lemus di que para que se vexa a similitude está pensando na estrada de Cacheiras, na Igrexa, hai unha variante marcada no PXOM que é por onde van facer o proxecto e a idea é que eles fan a variante e despois a outra parte da estrada quedaría para titularidade municipal.

No caso do outro tramo que se pretendía facer, que era do Aido ata despois da ponte, no momento en que xa amplía o viario, xusto na entrada do punto limpo, era o mesmo, é dicir, hai unha especie de variante marcada pero si que eles farían unha variante e permitiríase a cesión do Concello. Sinala que isto mesmo falouse hai uns anos co tema

da travesía de Cacheiras, é dicir, podíase permitir a cesión da Xunta ao Concello no tramo mentres existira unha variante do mesmo titular, porque senón non é posible unha cesión. De aí que, por exemplo, Ames agora teña a estrada de Bertamiráns, porque ten unha variante.

Sinala a sra. Lemus que, aínda que ela ten as súas dúbidas técnicas, os técnicos da Deputación argumentan que o proxecto presentado excede das competencias viarias da Deputación, ao afectar a fincas estremeiras privadas e implicar determinadas obras que non serían as do propio viario e que entón sería necesario facer esa planificación alternativa por parte do Concello, é dicir, unha modificación do Plan xeral cunha variante planificada, non executada, e que con iso permitirían o financiamento e despois a permuta, inexistente, porque non habería permuta pero habería cesión. Sería unha cesión con permuta posterior. Sinala a sra. Lemus que ela o proxecto non o veu, que non foi a que o tramitou, por moito que se lle bote a bronca polo proxecto da Deputación, entón non sabe que tipo de elementos levan aos técnicos da Deputación a dicir que é necesaria unha variante do PXOM.

Di a sra. Lemus que o da variante do PXOM, na zona de Luou, vén de lonxe, había un trazado viario alternativo, do ano 2005-2006, que naquel momento se paralizou coa oposición do sr. Sisto. Sinala a sra. Lemus que ante a pregunta de cal é o problema hai que ter en conta que agora mesmo hai unha situación na que moitas veces hai problemas coas inversións da Deputación, e por moito que sexan do seu mesmo partido iso non significa que non o poida dicir, pero si que hai un problema técnico agora mesmo. Sinala que hai dúas versións técnicas do que se pode facer nese proxecto ou non.

Di a sra. Lemus que non sabe, e iso tamén se lle escapa, cal foi a conversa do Presidente da Deputación co sr. alcalde sobre ata onde podía chegar o proxecto, non o sabe e non se vai meter nese tema porque non estaba nesa reunión, pero si que é verdade que o único que se lle ocorre é intentar dar un pasiño adiante, xa que todos son conscientes de que a estrada da Deputación, a DP-0205, como o resto das estradas da Deputación do Concello, teñen que ser melloradas, e iso non é discutible, as que permiten variante e as que non a permiten terán que ser ampliadas con canalización ou como sexa. Sinala que entón o único que se lle ocorre, dado o conflito,

e intentar facer o que se fixo noutros casos, é dicir, intentar configurar que vaian os portavoces, coma outras veces, para que vexan que o Concello está unido, que vaia o técnico municipal, a unha reunión cos deputados correspondentes, e que se intente chegar a un acordo. Pensa que igual que funcionou dunha forma correctísima co conselleiro de Sanidade, xa que esa reunión sobre o centro de saúde, como reunión de coordinación, foi das mellores que viviu, e así llo dixo a el, hai que buscar unha saída. Considera a sra. Lemus que o non xa está pero o problema segue existindo, hai un problema de humanización, de seguridade viaria, de un bar ao que lle entra auga e miles de problemas nesa zona que hai que solucionar e ademais estanse metendo infraestruturas municipais a maiores nesa zona co cal a carga de inseguridade viaria vese aumentada, entón como posible solución é o único que se lle ocorre, e polo menos haberá que intentalo igual que outras veces se intentou con outras Administracións.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez anuncia o apoio do seu grupo. Salia que non vai a repetir todas e cantas veces trouxeron este asunto por parte do grupo do PP ao Pleno, e nomeadamente a problemática que hai no núcleo da Igrexa en Luou, ademais de todos os puntos que se especifican na propia proposta da Alcaldía, e non só na DP-0205 senón na DP-8201 entre o Piro e Teo e non só aí tampouco senón con outros compromisos que se teñen adquirido.

Sinala o sr. Sánchez que da a sensación de que hai unha intención clara de obstaculizar calquera proxecto que sexa para Teo por parte da Deputación. Pensa que non é entendible que pasen anos e anos con algúns dos proxectos dende que se anuncie que se vai facer algo e que todo parece que está definitivamente decidido ata que finalmente se fai, ou mellor dito non se fai. Considera que é increíble que veña isto coleando dende, polo menos, o ano 2015.

Di o sr. Sánchez que a proposta da sra. Lemus lle parece estupenda pero pensa que todos os grupos políticos, particularmente o PP, trouxeron o tema ao Pleno, polo tanto fixéronse as xestións a nivel municipal, foron á Deputación, recolleron sinaturas por

parte da veciñanza, o propio Deputado provincial presentouno en Pleno dúas ou tres veces, tanto o que afecta á DP-0205 desta moción como o que afecta á DP-8201 e nada, coma quen oe zoar o vento. Porén, para outros concellos da contorna, como acaba de dicir o sr. alcalde, parece que ocorre exactamente o contrario.

O sr. Sánchez di que non lle cabe dúbida de que parece haber un estancamento intencionado claramente por parte da Deputación para non levar a cabo os proxectos de Teo. Considera que é rotundamente necesario o que se expón nesta proposición da Alcaldía e en tantas outras que teñen citado.

O sr. alcalde di que comparte, e ademais así llo trasladou ao Presidente da Deputación, a absoluta discriminación do Concello de Teo. Sinala que o POS é o que é, pero realmente o que prima e o que da cartos extras son os convenios, e se se miran os convenios nos últimos 10 anos e o investimento por habitante en base a convenios, o Concello de Teo está entre os 10 últimos da provincia claramente e sen dúbida ningunha. O que acontece é que como o Concello é tan dependente da Deputación para certas cousas tamén se mide o nivel de confrontación, pero chega un punto en que non hai máis remedio.

Sinala que, por aclarar ben o tema, sen ánimo de polémica, había un problema, e así se plantexou, que vai dende Cornide ata o Aido, engadindo que ese era o problema, tres quilómetros nunha estrada de 11 quilómetros e pico. Houbo compromisos expresos e continuados de arranxar iso, de afrontar esa ampliación, nunca para ese tramo se pediu nin viario alternativo nin nada. Lembra que no ano 2015 cando veu Pequeño, no 2017 cando veu o presidente da Deputación, en febreiro do 2019 na reunión mantida, na que el non estaba, pero así llo transmitiu o arquitecto e a concelleira, e sempre se falou de que eles ían a redactar o proxecto. Explica que o cambio e esta inclusión e esta novidade pasa en xaneiro do 2021 cando el chega á Deputación co Presidente e lle volve a dicir que non hai proxecto ningún, e que se plantexan facer unha variante para todo o Aido, non polas curvas do Aido senón saíndo polo Aido e dando a volta por fóra de todo. Di o sr. alcalde que quedou cunha cara de alucine, porque despois de todo o que levaban falado aparecer con esa solución, aínda que lle pareceu moi ben, pero xa lle dixo ao Presidente é que fora partindo de que ia ter que meter 10 ou 15 millóns só en expropiacións, porque se isto se fixera hai 10 anos ou



cando se fixo a variante das canteiras igual era moito máis barato pero naquel momento, no ano 2021, poñerse a facer unha variante....O sr. alcalde sinala que tamén lle dixo ao Presidente que estarían encantados e que esa solución valía perfectamente. Visto o visto e empezando a mirar os planos dixeron que bueno, que a ver como se facía, porque teoricamente lle tiñan moito medo á ponte do Aido. O sr. alcalde di que non entende que medo teñen porque seguen sen sacar a licitación e sen facer ese proxecto, pero que eles se comprometían de verdade a facer o proxecto.

Despois, tal como lle expuxera de todas as promesas incumpridas, do déficit histórico do Concello de Teo en canto a investimentos, foi cando lle dixo que se non fan o proxecto para o ano que vén completo e só o fan unha parte que se busque unha solución para ese tramo, que é máis complicado, o de Luou, e aí o Concello está disposto a colaborar.

Explica o sr. alcalde que, nesa colaboración, é onde ven a necesidade dun vial alternativo que tiña que estar proxectado no PXOM. Sinala que, se tiveran dito iso no seu día ao Concello, non se poñían a redactar ningún proxecto.

Explica que, con respecto ao proxecto, só fai referencia ao tramo xusto da Carballeira, dende Chaves ata o outro lado, que era o único cacho que se barallaba a posibilidade de ceder. Ademais esa cesión, esa colaboración, viña no recoñecemento que o presidente facía da súa propia incapacidade cos técnicos para poñer alí un paso de ceбра. É dicir, que era unha cuestión compartida. Dende maio se intentou manter unha reunión co presidente da Deputación e nin sequera recibe ao Concello, e aínda entendendo que teña moitas ocupacións, recibir a un alcalde debería de estar tamén entre as ocupacións importantes, sobre todo cando hai compromisos adquiridos. Salaria o sr. alcalde que polo tanto o Concello continúa sen que ningún compromiso se efective, por iso, el e o arquitecto saíron da reunión dicindo que habían ido para colaborar e, se esa colaboración non interesaba, a estrada é da Deputación polo tanto son eles os que teñen que solucionar o problema.

Salaria o sr. alcalde que niso se está, e iso é que se lle di na proposta, que solucionen o problema, e ata darán por ben investidos os proxectos, que se van a remitir, posto que nin tan sequera llos recolleron, polo que non sabe como o van a valorar se non o

recolleron, pois despois de non ser recibidos polo presidente acabounos recibindo o responsable de obras, e se lle levou o proxecto, pero non o recolleu. Remata o sr. alcalde sinalando que, chegado a este punto, a estrada é da Deputación, que fagan o que teñan que facer e se ocorre algo ou deixa de ocorrer cada un asumirá as súas responsabilidades.

Aberta unha segunda quenda de intervencións, tanto a sra. Castelao como a sra. Lemus non fan uso da mesma.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e di que non é por meterse con ninguén, pero, dirixíndose á sra. Lemus, dille que vir a estas alturas con que hai problemas técnicos ou que os técnicos poñen trabas e demais, cando este asunto leva enriba da mesa anos e anos e anos non é entendible. Dille á sra. Lemus que ela, que foi concelleira de urbanismo, sabe que problemas técnicos hainos todos os días a todas as horas en todas as obras e en todos os momentos. Di que, dende o respecto, lle parece unha escusa de mal pagador. Sinala que a día de hoxe ben se ve que é máis unha cuestión de vontade política que doutra cousa. Salia que, aínda que probablemente estea equivocado, porén é o que pensa, e esa é dende logo a súa impresión. Sinala que, de acordo co exposto, apoian a proposta ao cen por cen, e calquera outra que se fixera respecto dos investimentos anunciados pola Deputación e que a día de hoxe, anos e anos despois, seguen estando no tinteiro. Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que quere que quede clara a idea do partido PP de que se albisca unha clara intención de obstrución ás execucións e investimentos no Concello de Teo.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Esixir á Deputación que solucione, de forma inmediata, os graves problemas de seguridade viaria do tramo non ampliado da DP 0205, estrada da súa exclusiva responsabilidade, en concreto nas curvas do Aido, na Carballeira de Luou, e nas curvas de Espasande, Seixos e Cornide.**

**Segundo.-** Reclamar que licite con urxencia a redacción do proxecto de ampliación do tramo da DP 0205 comprendido entre o pK 7,850 (Lugar de Cornide, Calo) e o pk 11,200 (O Aido, Luou), incluída a construción dunha nova ponte polo risco evidente que esta infraestrutura supón para a circulación dos vehículos pesados e dos autobuses.

**Terceiro.-** Trasladar ao Presidente da Deputación a indignación desta Corporación pola falta de cumprimento dos compromisos asumidos reiteradamente.

#### **8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DA PARTICIPACIÓN NO POS + ADICIONAL 2022. 2ª FASE.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de setembro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de setembro de 2022.

O sr alcalde informa de que na Xunta de portavoces xa deron o balance da situación e de como fora o compromiso, quedando os investimentos tal como se reflicte na proposta, repartidos en función de todos os grupos, e nesas circunstancias quedan por aprobar dous proxectos das obras do acondicionamento da vía que vai de Insua a Espasande, que quedou terrible despois da construción da senda, e o afirmado e acondicionamento do viario municipal en Tribaldes, que fora unha das peticións feitas polos distintos grupos.

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 2/2022”**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2022, acordou participar no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) ”POS +2022”” e aprobar o Plan

Complementario, incluíndo neste último os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican:

| <b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles<br/>(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b> | <b>Orzamento</b>  |
|---|-------------------|
| AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA. CALO. CONCELLO DE TEO  | 92.855,93         |
| AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO   | 215.368,49        |
| ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA   | 198.262,71        |
| REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE LAMAS. SANTA MARÍA DE BAMONDE.  | 394.525,09        |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>901.012,22</b> |

Vista a “Circular da Deputación Provincial sobre a aprobación da modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” para a regulación do POS+Adicional 2/2022 para gasto corrente / investimentos financeiramente sostibles / revisión excepcional de prezos”, de maio de 2022, e considerando que segundo a mesma a cantidade que definitivamente lle corresponde ao Concello de Teo no POS +ADICIONAL 2/2022 ascende a 679.748,08 €.

Vista a aprobación definitiva das bases reguladoras modificadas do POS+ 2022 para a regulación do POS+ADICIONAL 2/2022, publicadas no BOP nº 139, de 22 de xullo de 2022.

Tendo en conta que, de acordo coas bases referidas e en base á facultade conferida a esta Alcaldía polo Pleno da Corporación, na sesión do 2 de febreiro de 2022, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo plenario adoptado nesa data e do correspondente expediente, mediante Decreto da Alcaldía de 28 de xuño de 2022 (834/2022), resolveuse participar na 1ª fase do Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos), POS +Adicional 2/2022, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles, xa incluídos no Plan Complementario 2022, que se detallan a continuación:

| Investimentos financeiramente sostibiles incluídos no Plan Complementario ao POS+2022 | Financiamento dos investimentos |                  |                         |                |                     |
|---|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|---------------------|
|   | Deputación                      | Concello         |                         |                | Orzamento total     |
|   |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total Concello |                     |
| AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL NA PEDREIRA-CALO (CONCELLO DE TEO)    | 92.855,93 €                     | 0,00             | 0,00                    | 0,00           | 92.855,93 €         |
| AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN O SISTO. CONCELLO DE TEO           | 215.368,49 €                    | 0,00             | 0,00                    | 0,00           | 215.368,49 €        |
| <b>TOTAL</b>  | <b>308.224,42 €</b>             | <b>0,00</b>      | <b>0,00</b>             | <b>0,00</b>    | <b>308.224,42 €</b> |

Considerando que, de acordo co exposto, a cantidade pendente de aplicar no Concello de Teo, na 2ª fase do POS Adicional 2/2022, en relación coa maior achega provincial, ascendería a 371.523,66 €, e que o prazo para participar na citada fase remata o 5 de outubro de 2022.

De acordo co exposto, tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxestións veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.**- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

#### A) Financiamento de gastos correntes:

| Gastos correntes   | Deputación |
|--|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022 | 84.659,63  |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| Investimentos<br>financeiramente sostibles<br>NON incluídos no Plan<br>Complementario ao<br>POS+2022        | Financiamento dos investimentos |                     |                               |                   |                    |
|---|---------------------------------|---------------------|-------------------------------|-------------------|--------------------|
|   | Deputación                      | Concello            |                               |                   | Orzamento<br>total |
|   |                                 | Achega<br>municipal | IVE<br>soportado<br>deducible | Total<br>Concello |                    |
| AFIRMADO,<br>ACONDICIONAMENTO E<br>SENDA NO VIARIO<br>MUNICIPAL DE INSUA A<br>ESPASANDE. CONCELLO<br>DE TEO | 190.819,34                      | 0,00                | 0,00                          | 0,00              | 190.819,34         |
| AFIRMADO E<br>ACONDICIONAMENTO DO<br>VIARIO MUNICIPAL EN<br>TRIBALDES (BAMONDE)                             | 96.044,69                       | 0,00                | 0,00                          | 0,00              | 96.044,69          |
| <b>TOTAL</b>  | <b>286.864,03</b>               | <b>0,00</b>         | <b>0,00</b>                   | <b>0,00</b>       | <b>286.864,03</b>  |

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nestas táboas.

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos**

| Revisión excepcional de prezos   | Deputación |
|--|------------|
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0,00       |

**D) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2022                             | Deputación | Concello |                            |                   | Orzamento<br>total |
|---|------------|----------|----------------------------|-------------------|--------------------|
|   |            | Concello | IVE soportado<br>deducible | Total<br>Concello |                    |
| <b>Gastos correntes servizos<br/>obrigatorios</b> | 84.659,63  | 0,00     | 0,00                       | 0,00              | 84.659,63          |

|  |                   |             |             |             |                   |
|--|-------------------|-------------|-------------|-------------|-------------------|
| <b>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022</b> | 286.864,03        | 0,00        | 0,00        | 0,00        | 286.864,03        |
| <b>Revisión excepcional de prezos obras municipais</b>                       | 0,00              | 0,00        | 0,00        | 0,00        | 0,00              |
| <b>TOTAL</b>   | <b>371.523,66</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>371.523,66</b> |

**Segundo.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas respectivas quendas.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:**

**A) Financiamento de gastos correntes:**

|   |                   |
|---|-------------------|
| <b>Gastos correntes</b>   | <b>Deputación</b> |
| <b>Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022</b> | <b>84.659,63</b>  |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

| Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+2022            | Financiamento dos investimentos |                  |                         |                |                   |
|---|---------------------------------|------------------|-------------------------|----------------|-------------------|
|   | Deputación                      | Concello         |                         |                | Orzamento total   |
|   |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total Concello |                   |
| <b>AFIRMADO, ACONDICIONAMENTO E SENDA NO VIARIO MUNICIPAL DE INSUA A ESPASANDE. CONCELLO DE TEO</b> | <b>190.819,34</b>               | <b>0,00</b>      | <b>0,00</b>             | <b>0,00</b>    | <b>190.819,34</b> |
| <b>AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN TRIBALDES (BAMONDE)</b>                       | <b>96.044,69</b>                | <b>0,00</b>      | <b>0,00</b>             | <b>0,00</b>    | <b>96.044,69</b>  |
| <b>TOTAL</b>  | <b>286.864,03</b>               | <b>0,00</b>      | <b>0,00</b>             | <b>0,00</b>    | <b>286.864,03</b> |



Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nestas táboas.

**C) Financiamento da revisión excepcional de prezos**

|  |            |
|--|------------|
| Revisión excepcional de prezos   | Deputación |
| Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais | 0,00       |

**D) Resumo de financiamento:**

| POS+ ADICIONAL 2/2022   | Deputación        | Concello    |                         |                | Orzamento total   |
|---|-------------------|-------------|-------------------------|----------------|-------------------|
|   |                   | Concello    | IVE soportado deducible | Total Concello |                   |
| Gastos correntes servizos obrigatorios                                | 84.659,63         | 0,00        | 0,00                    | 0,00           | 84.659,63         |
| Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 | 286.864,03        | 0,00        | 0,00                    | 0,00           | 286.864,03        |
| Revisión excepcional de prezos obras municipais                       | 0,00              | 0,00        | 0,00                    | 0,00           | 0,00              |
| <b>TOTAL</b>  | <b>371.523,66</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b>             | <b>0,00</b>    | <b>371.523,66</b> |

**Segundo.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

**Cuarto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Quinto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Sétimo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## **9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL DA CONVIVENCIA VECIÑAL.**

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do PP, D.<sup>a</sup> José M. Guerra Calvelo.

O sr. Guerra cede a palabra á concelleira do seu grupo, D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey.

A sra. Rey da conta da moción do seu grupo de 15 de setembro de 2022 (rex. entrada nº 5.218 de 15/09/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 22 de setembro de 2022.

“O voceiro do Partido Popular, José Manuel Guerra, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE TEO POLA LOITA CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL E A MELLORA DA CONVIVENCIA VECIÑAL:

Durante este ano seguimos a coñecer casos de ocupacións ilegais por todo o país. Concretamente Teo tamén viviu nos últimos meses ocupación de casas entre a veciñanza como por exemplo o suceso en Pontevea (carretera dos mestros).

O fenómeno da ocupación ilegal incrementouse en xeral en todo o Estado segundo os datos do Ministerio de Interior.

A ocupación enténdese como a tenencia ou posesión dun ben de maneira ilexítima ou ilegal, en contra da vontade do propietario ou poseedor con título ou dereito.

Ainda que en España a vivenda se protexe no ordeamento xurídico para evitar a ocupación, tanto penal como civil e administrativamente, unha vez que ésta é ocupada os trámites poden ser longos incluso si o ocupa chega a abandonar a propiedade. Ademais contan con vacíos legais como a estratexia de marchar un e deixar outra persoa diferente antes de rematar o prazo de expulsión e volver reiniciar o proceso. Ou mesmo o que sucede no caso de Pontevea que aínda que a persoa ocupa marche o propietario non pode facer uso ata que remate todo o proceso.

Ademais das medidas legais existentes para combater esta forma de delincuencia e salvagardar a propiedade ou a posesión lexítima e pacífica, o ordeamento xurídico debe ser adaptado e mellorado para permitir unha protección efectiva dos titulares de dereitos e ademais protexer e ter consideración coa convivencia vecinal pacífica e respetuosa en aras da seguridade das persoas e das cousas.

Polo exposto anteriormente, PROPONSE ao Pleno do Concello de Teo a aprobación do seguinte acordo:

1. Solicitar do Goberno Teense o apoio necesario á veciñanza fronte á ocupación ilegal.
2. Solicitar do Goberno Teense que facilite á veciñanza información e/ou asesoramento sobre a actual lei de ocupación de ser necesario xa que as primeiras actuacións son cruciais.
3. Solicitar ao Goberno do Estado, modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmovible, especialmente no caso das mafias. E recuperar o delito de usurpación dos bens inmoables con penas de entre 3 e 5 anos.
4. Solicitar ao Goberno do Estado, incluír novas medidas procesales na Lei de Enxuciamiento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda sempre que se visen privados da mesma sen o seu consentimento. E proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de delito en 24 horas pola Policía.

5. Solicitar ao Goberno do Estado un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no Padrón Municipal dun ocupante ilegal. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula ou non constitua proba da residencia ou domicilio nin atribúa ningún dereito ao ocupa fronte o propietario”.

Sinala a sra. Vázquez que neste ano se coñeceron casos de ocupación ilegal por todo o país, concretamente en Teo tamén se viu, cun caso que puido ver de cerca, na Carretera dos Mestres. Di que este fenómeno é algo que se incrementou en xeral en todo o estado, segundo os datos do Ministerio, datos que se poden consultar.

Explica a sra. Vázquez que moitos dos efectos dos que se fala na moción puidéronse observar no caso acontecido en Pontevea, pois ao parecer algunhas das persoas que estiveron nesa casa estiveron “acechando” pola aldea, chegando a desaparecer cousas dalgunhas vivendas, e ao final créase un medo e unha temeridade que fai que os veciños se sintan incómodos e en moitas ocasións pode chegar a haber enfrontamentos que vaian moito máis alá.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao di que é un falso debate, que o único que persegue é xerar unha alarma social con respecto dun problema que é moi desigual no territorio do Estado e cuxas causas e consecuencias son distintas. Sinala a sra. Castelao que a Constitución Española que tanto defende o grupo do PP tamén recoñece no seu artigo 47 o dereito a unha vivenda digna e adecuada e di que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito.

Considera a sra. Castelao que resulta paradóxico que entre os dereitos fundamentais que recolle a Constitución se atope a libre elección de residencia, a inviolabilidade do domicilio e a intimidade, que está no artigo 18, pero o obxecto en que se materializan eses dereitos fundamentais, a vivenda, expresamente non estea entre eles.

Sinala que a ocupación é moi desigual no Estado, a incidencia que ten no país é irrelevante, aínda sendo a porcentaxe de vivendas baleiras en Galicia 5 puntos superior á da media nacional, o que deixa un enorme volume de inmobles desocupados.

Sinala a sra. Castelao que hai que ter en conta que a Federación galega de empresas inmobiliarias di no último estudo que o principal obxecto dos ocupas son as vivendas adxudicadas ás entidades financeiras. O que bota por terra ese discurso de medo que algúns representantes do PP repiten coma un mantra, respecto de que en calquera momento poden ocuparse as vivendas da xente.

Considera a sra. Castelao que é preciso distinguir causas de ocupación para non xeralizar. Dunha banda, a que é levada a cabo por individuos ou grupos de delincuencia organizada, aos que dende logo hai que combater e facer recaer sobre eles todo o peso da lei, pero por outra banda a realizada por persoas que non teñen outra opción como solución a un problema habitacional. Opina a sra. Castelao que aos bancos e fondos de investimento non lles interesa o máis mínimo a seguridade das inversións inmobiliarias da xente, o que queren é normalizar o desaloxo exprés nas vivendas para darlle saída a todo ese conxunto inmobiliario que xuntaron grazas á crise e a través dos fondos buitres.

Salienta a sra. Castelao que é moi chamativo que o PP insista en este fenómeno cando hai uns días a concelleira de Medio ambiente, territorio e vivenda, a señora Ángeles Blanco, admitiu publicamente que a Xunta non ten cifras exactas de vivendas ocupadas, insistindo ao tempo que se trata dun problema cunha tendencia crecente en Galicia.

Pregúntase a sra. Castelao como é posible que sen datos reais a Xunta e o PP leven máis de 2 anos axitando esta cuestión e gastando grandes sumas de diñeiro, encargando informes inútiles e abrindo consultorios telefónicos gratuítos que non valen absolutamente para nada, só para intentar alarmar á poboación.

Sendo as vinte horas e cincuenta e tres minutos, sae do Salón de Plenos o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra.

Considera a sra. Castelao que resulta perverso que un acontecemento que afecta ao 0,014% das galegas o PP o traslade aos concellos. Opina que é un típico debate populista da dereita, que utilizan o medo que ten a xente diante de fenómenos de ocupación de raíz distinta, para facer o mesmo, populismo.

Sinala a sra. Castelao que o problema non son as ocupacións, o problema é a especulación sobre a vivenda e a dificultade para poder acceder a unha e a incapacidade dos gobernos de Madrid e da Xunta para dar respostas. Refírese ao plan da Xunta de vivenda baleiras e sinala que foi un absoluto fiasco. Sinala a sra. Castelao que hai que poñer o foco na creación de vivenda social, se hai que facer algunha modificación, que se estude no Parlamento español e que non se leven aos concellos debates que son completamente alleos. Remata a súa intervención a sra. Castelao sinalando que o problema non existe e pedindo que se faga un estudo de cantas son as ocupacións no Concello para ver se o problema é real ou non.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo, ao tratarse dun tema, como tantos outros, que se escapa da competencia municipal, e se debe de discutir noutros sitios.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, e sinala que o seu grupo considera que ademais de que a vivenda é un ben económico de propiedade tamén é un ben social e é necesario conxugar eses dous dereitos, o dereito á propiedade e o dereito a unha vivenda digna.

Sendo as vinte horas e cincuenta e seis minutos, entra no Salón de Pleno o portavoz do grupo municipal do PP, sr. Guerra.

Pensa o sr. Igrexas que o ordenamento xurídico español ten as suficientes ferramentas como para evitar unha ocupación sen ningún tipo de defensa para os seus propietarios. Tamén é certo que o que non se pode facer é garantir os desaloxos exprés porque a vivenda é algo necesario, un dos recursos básicos para a subsistencia das persoas e das familias. Considera o sr. Igrexas que o que habería que mellorar sería todo o dereito do acceso á vivenda e consideran que o ordenamento xurídico neste momento está equilibrado, incluso desequilibrado para a parte que defende precisamente a propiedade privada.

Sinala o sr. Igrexas que para censarse no Concello de Teo o que se pide é a propiedade, a autorización do propietario ou un contrato de alugueiro, así que non se pode censar na casa de alguén se non se autoriza. De feito incluso entre as parellas hai que autorizarse. Considera que polo tanto dentro do que é a política municipal está

iso máis ou menos evidente. Remata o sr. Igrexas a súa intervención sinalando que está bastante máis en risco o dereito á vivenda que o dereito á propiedade. Anuncia o sr. Igrexas o voto en contra do seu grupo.

A sra. Vázquez di que lle parece ben que haxa que especificar cando se empadroa nalgún sitio. Sinala que a ela pasoulle, no caso de Teo, que se lle desempadrou sen que ninguén viñera a facelo. Sinala que se decatou porque houbo uns papeis que non estaban ben porque non estaba empadroada no Concello de Teo, e cando reclamou preguntáronlle se non a desempadroara alguén da súa familia, polo que hai cousas que pasan, e así ela tivo que volver reclamar o empadroamento. Considera que igual que lle pasou a ela, e se decatou de casualidade, seguramente haxa xente que ocupe un domicilio que non é o seu e lle funcione.

Esta a sra. Vázquez de acordo en que hai que mirar por que haxa unha vivenda digna, porque é necesario, pero por outro lado tamén está o tema da ocupación, que non é un tema que sexa lonxano, e se non chega a ter pasado un caso en Teo que coñecen directamente seguramente non traerían esta moción, pero deuse o caso de que aconteceu cun veciño, cuxo contacto lle pode facilitar á sra. Castelao para ela lle explique o tema da vivenda.

Opina a sra. Vázquez que non se trata dunha falsa alarma, e non teñen intención de crear un debate ou unha alarma entre a veciñanza de Teo, senón que é algo que xa pasou, que é real e que está pasando no Concello, que tampouco di que sexa o habitual, pero si que pasa, e pensan que como grupo municipal é un tema que poden tocar, que se pode reclamar dende Teo medidas para que se poida chegar a un entendemento, que non sexa todo a cambio das leis que haxa, pero si que o propio dono cando se ve co seu domicilio ocupado poida ter tamén certa marxe. Sinala a sra. Vázquez que tamén hai moitas mafias e tamén hai xente que perde as súas casas despois dun traballo duro detrás, que non é que teña múltiples propiedades e vivenda por aí sen ter ocupadas. Explica a sra. Vázquez que neste caso é unha persoa que ten a casa dos seus pais e alguén se meteu dentro, e non puido facer nada para sacalo e agora que non está segue sen poder ter man da súa propiedade. Remata a sra. Vázquez a súa intervención sinalando que non lles parece un tema nin de falso debate nin de crear alarmismo.

O sr. alcalde di que en todo caso máis alá dos posicionamentos as obrigas do Concello se cumpren neste e noutros temas.

Preguntado polo sr. alcalde, as/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervención.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (7 PP), seis votos en contra (4 Son de Teo e 2 BNG) e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda:**

- 1. Solicitar do Goberno Teense o apoio necesario á veciñanza fronte á ocupación ilegal.**
- 2. Solicitar do Goberno Teense que facilite á veciñanza información e/ou asesoramento sobre a actual lei de ocupación de ser necesario xa que as primeiras actuacións son cruciais.**
- 3. Solicitar ao Goberno do Estado, modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas en caso de ocupación da vivenda ou inmovible, especialmente no caso das mafias. E recuperar o delito de usurpación dos bens inmovibles con penas de entre 3 e 5 anos.**
- 4. Solicitar ao Goberno do Estado, incluír novas medidas procesales na Lei de Enxuciamiento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda sempre que se visen privados da mesma sen o seu consentimento. E proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de delito en 24 horas pola Policía.**
- 5. Solicitar ao Goberno do Estado un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no Padrón Municipal dun ocupante ilegal. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula ou non constitua proba da residencia ou domicilio nin atribúa ningún dereito ao ocupa fronte o propietario.**



## 10.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo primeiro da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## 11.- ROGOS E PREGUNTAS.

### ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao di que os veciños de Balcaide solicitan que onde está a figura do San Antoniño, onde remata a zona empedrada, se poña un paso de peóns. Sinala que descoñece se se pode facer ou non pero eles pídeno. Sinala que tamén lóxicamente na curva anterior, vindo dende o medio da aldea, hai un cambio de rasante importante, entón habería que pór un sinal para indicar o paso, no caso de poñelo.

Sendo as vinte e unha horas e dous minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do grupo municipal do PP, D.<sup>a</sup> Margarita Rosende, que se incorpora á sesión pasados dous minutos.

2.- Sinala a sra. Castelao de que se queixaron de varias zonas do Concello de que non hai fibra, en Oza tamén, e hai varias zonas de fibra nas que non funciona. Sinala que lle avisaron de Balcaide tamén por este motivo.

O sr. alcalde di que a situación é moi distinta en función do lado da estrada da AC-841 de que se trate. Nun dos lados está pendente de rematar unha obra que deu moitos problemas porque houbo unha obturación nunha conducción subterránea pola que houbo que volver a pedir a autorización a Estradas de Galicia para poder executala e está en proceso. Din que a finais de novembro estará, co cal iso está impedindo todo o desenvolvemento para a parte de alá. Deste lado da estrada, ata o límite do Concello polo oeste, a situación está moito máis completa. As circunstancias de non dispoñibilidade son circunstancias moito máis puntuais e sobre as que hai que traballar en concreto.

Refírese o sr. alcalde ao caso de Fixó, onde quedan unha serie de casas sen servizo, existindo algún caso máis por aí nos que se está traballando, reiterando que a situación dun dos lados da estrada non ten nada que ver co outro.

Explica o sr. alcalde que tamén hai problemas moi serios, por poñer un caso, coas casas que están por riba do campo de fútbol de San Domingo, que nin sequera teñen postes telefónicos, e o servizo á aldea está cuberto, entre comiñas, porque os contratos estes que fai a Administración parece que cubren no momento que se ten o 70% da cobertura ofertada, entón quedan aí casas, que son as que máis dificilmente van facer unha instalacións se non é en base a outro proxecto do ministerio ou da Xunta, porque é unha instalación custosa. Sinala o sr. alcalde que se trata de casos moi puntuais, e pide que se lle traslade calquera cousa que haxa.

A sra. Castelao di que si que é certo que por exemplo en Balcaide na rúa Outeiro pasa unha cousa similar, que xa se dixo noutros Plenos, por exemplo na Travesía da Ramallosa pasa o mesmo, puxeron como sistema toda a obra como se fose para conectarse e realmente non teñen conexión.

A sra. Diéguez pregunta polo que acontece no resto do Concello.

O sr. alcalde di que falta unha conexión que afecta a un tramo da AC-841, teñen desenvolto para o lado de alá a distribución pero non está a conexión co lado de aquí, entón mentres non rematen esa obra da que falou antes non van dar servizo.

3.- A sra. Castelao di que no anterior Pleno, no de xullo, comentara o do cableado de Sestelo, que era de Telefónica. Pensa que é alumeado municipal e pide que se revise porque se queixaron bastante os veciños alí.

O sr. Igrexas di que el pensa que é cableado de Telefónica, non é unha opinión de pode ser ou non pode ser, de opinar, senón que é de Telefónica.

A sra. Castelao di que non fala diso, senón que pide que o miren, e que se é de Telefónica que se lle reclame porque que aquilo da pena.

O sr. Igrexas di que o tema de reclamarlle a Telefónica eles fano, pero Telefónica neste caso ten cables tirados dende hai un ano e díxoselle e pasan de todo, porque é unha

empresa privada e porque en principio teñen unha forma de traballar así un pouco laxa, igual que non moven os postes.

4.- A sra. Castelao di que falaron coa Asociación dos Tilos, hai un par de meses, e lle din que na praza do mercado hai uns enchufes que están soltos, e piden se se poden arranxar, xa que o cableado está para fóra. Sinala que tamén lle comentan que si que é certo que nas zonas axardinadas, nas zonas verdes, hai como uns tubos, coma os típicos macarróns eléctricos, que deben de ser tomas de terra, e que están á vista. Di a sra. Castelao que non sabe se iso é correcto así ou se poderían tapar.

5.- A sra. Castelao di que unha veciña da urbanización O Pazo, de Rarís, di que na beirarrúa levantáronse as plaquetas, e de feito caeu. Di a sra. Castelao que descoñece se é da urbanización ou do Concello pero que transmite a información por se se pode amañar.

O sr. Igrexas di que é municipal .

6.- A sra. Castelao sinala que lle chamaron de varias zonas do Concello e que, aínda que xa se sabe como están as pistas, o hai algunhas bastantes potentes, que están moi mal, pero quere facer especial mención é nunha de Penelas que está á altura da casa número 14. Di que descoñece se é propiedade privada ou o que sexa, pero esa pista vai para dúas ou tres casas, máis ou menos, e está fatal. Pide, se é posible, que se lle arranxe algo. Di que se agora empeza a chover iso vai ser un escándalo e solicita que, polo menos, se faga algo provisional.

7.- Di a sra. Castelao que nos Tilos solicitan varios espellos, un na Rúa Carballo e outro na Rúa Vidueiro, xa que xon zonas bastante perigosas para saír.

8.- Pide a sra. Castelao que se faga un visionado de todos os parques infantís do Concello porque en varias ocasións se lles queixaron de zonas astilladas con perigo, outras ás que non se pode acceder, por exemplo para protexer unha árbore, e os cativos non deben entrar, porén entran igual porque a sinalización está deteriorada.

O sr. Igrexas di que aos parques infantís dáselles unha volta constantemente, de feito cada semana estase facendo cousas neles. Os columpios teñen unha duración de 5 anos e están empezando a romper todos en cadea, e cambiáronse en Lampai, Rarís, e

Montouto. Tamén acaba de sacarse un balancín de Recesende e reparouse o de Baamonde, o dos Tilos está danado, en espera de cambiarlle a madeira, é dicir, estanse facendo cousas. Sinala que é certo que poden pasar un par de meses sen que ninguén vaia por un sitio e haxa algo, e así, por exemplo en Lampa, foi un veciño o que avisou de que un dos columpios empezaban a romper, e era certo.

A sra. Castelao di que nos Tilos, por exemplo, hai unha árbore protexida con un valado, supostamente é para que non entren os rapaces, e os rapaces entran porque está mal pechado, e ademais está astillado.

O sr. Igrexas di que o parque dos Tilos está empezando a estar podre entón cada semana hai algunha táboa que hai que reparar. En principio esta semana estanse construindo as pezas que hai que repoñer e poñeranse. Ademais ese é un no que se ve, así como pode haber outros nos que non vaian a cortar a herba en dous meses, o dos Tilos está constantemente vixiado. Con respecto a ese sistema da protección da árbore non se ve, pero se llo quitan hai que volver acreditar o parque.

O sr. Igrexas pide que se por exemplo nun parque hai algo que se estragou ou que está mal, que se lle comunique e vaise mirar.

9.- A sra. Castelao informa de que na zona do Castañal, á altura da casa 115, queren que se coloquen unhas bandas reductoras ou algo. Sinala que xa se solicitou varias veces, que e a interesada foi ao Concello e presentou un escrito por rexistro con sinaturas.

O sr. Igrexas di que falou hoxe con María José porque algo lle chegou e el pensa que está presentado de hai moitos meses. Pediulle que lle fixera chegar o rexistro para recuperar ese documento e traballar nel e ver o que se pode facer.

A sra. Castelao di que o que quere é que lle fagan algo porque ten medo, ademais que pasan moitos peregrinos por esa zona.

O sr. Igrexas di que xa falou con ela e que incluso lle dixo que urbanismo lle informaron de que non se podía poñer unha banda reductora no camiño portugués, que era cousa de Patrimonio.

A sra. Castelao repite que agradecería que lle fixeran caso ao escrito.

10.- Sinala a sra. Castelao que en Francos, indo para o Faramello, onde está o bar de Casa Javier, se deberían de revisar as arquetas ou algo porque hai un cheiro horrible. Non sabe se hai cerca algunha fosa oculta ou o que sexa, e que estea desbordando trapallada, ou se está roto algo, pero é horroroso.

11.- Di a sra. Castelao que en Francos solicitan un espello. Indica que non anotou o número da casa e que agora non se lembra, polo que enviará os datos cando os teña.

O sr. Igrexas sinala que para aclarar o dos espellos estase poñendo un criterio. Nas saídas públicas, nos cruces de vías públicas se hai perigo, é dicir, se a policía determina que é un cruce especialmente perigoso, colócase o espello. Nas saídas privadas non se están colocando espellos basicamente porque tamén é certo que teñen unha obsolescencia de catro anos, e os que se puxeron fai catro ano, a módico prezo estanse substituíndo este ano e están caendo todos, porque quedan sen a cuberta interna e deixa de ser espello. Pensa que están a 200 euros, entón a saída de cada persoa da súa casa é unha cuestión que cada quen ten que ver se lle afecta e se lle compensa. É certo que hai moitos peches, vexetais ou o que sexan, que quitan visibilidade para saír, pero entón cada quen terá que resolvelo.

Explica o sr. Igrexas que en principio se autorizan pero non sabe ata cando, porque vendo a mediana do Milladoiro empeza a haber unha cantidade de espellos que nalgún momento alguén vai ter que poñer orde no tema, aínda que por agora estanse autorizando sen problema.

A sra. Castelao di que pasará os datos de onde é para que se envíe a Policía.

Pregunta a sra. Castelao se os que xa están postos e rotos se substitúen.

O sr. Igrexas di que si, que esta semana cambiouse o de Espasande, xusto na curva.

A sra. Castelao pregunta polo de Vilar de Campos número 18.

O sr. Igrexas di que en Vilar de Calo había un que se cambiou.

A sra. Castelao di que é no Vilar e que está roto.

12.- A sra. Castelao di que na escola de Tras do Eixo lle botaron moita gravilla, estase levantando e está bastante mal.

O sr. Igrexas di que aí o que se fixo foi reparar a pista.

A sra. Castelao di que non a deixaron moi ben, engadindo que é gravilla.

O sr. Igrexas di que aí se refixo toda a caixa da pista e supón que terían que terlle botado gravilla, porque había un anaco que estaba desfeito. Indica que de todas formas lle botará un ollo, pero tamén falará con Martínez para saber canta gravilla lle botou.

13.- A sra. Castelao di que na Cascalleira, dende abaixo, dende Balcaide, ten a sinalización de prohibido o paso, o que pasa é que vindo dende Ameneiro aínda está a sinalización de permitido o paso, tanto no chan como antes do de maquinaria Otero.

O sr. alcalde di que xa se lle trasladou a Fomento esa incidencia, engadindo que vaise proceder tamén ó pintado de toda a Cascalleira agora.

O sr. Igrexas di que o que se vai facer de urxencia é pechar o círculo, é dicir, ao meterse, vaise facer unha liña continua para que non quede tan aberto o paso aí. Di que chegou no día de hoxe unha sinal máis grande de prohibido pasar e vaise meter outra no chan. Salienta o sr. Igrexas que se vai a reforzar a sinalización porque el mesmo a primeira semana chegou a Braulio.

14.- A sra. Diéguez di que, se non entendeu mal, á fibra óptica nos núcleos que faltan hai que botarlle, polo menos, outro ano de espera.

O sr. alcalde di que o que hai viña determinado polos contratos que fixo o Ministerio e a Xunta, para servir ós núcleos, na medida en que se van esgotando os prazos faise a reclamación pero non se pode reclamar directamente á compañía porque non a contrata o Concello, a quen hai que trasladar é ó Ministerio ou á propia Xunta.

A sra. Diéguez di que era só para facerse unha idea, porque moitas veces preguntanlle e non sabe que dicir.

15.- Sinala a sra Diéguez que hai moitísimas fochancas, que hai moitas pistas que se están desfacendo, por exemplo en Cepeda, que cada día se deteriora máis, que igual

agora con un pouco de asfalto se arranxa, pero nun par de meses vai estar toda reventada. Pregunta se hai previsión de facer algo antes de que veña o inverno, porque despois xa está a escusa de que chove e non se pode asfaltar. Di que son as mesmas das que xa ten falado noutras ocasións.

16.- Sinala a sra. Diéguez que na estrada que sobe de Ribas para Catro Camiños, por onde está o das motos, aí as cunetas son de medio tubo e os outros anos, por exemplo o ano pasado, cando estaba o sr. Noya, limpáronse antes do inverno e estes días, un día que choveu moito, xa saíu a auga toda por fóra porque están entupidas con folla, con moita herba que nace alí. Di a sra. Diéguez que unicamente quería avisalo para que, antes de que volva chover, se faga a limpeza.

17.. Pregunta a sra. Dieguez pola pista que vai dos Verxeis á Torre, se xa está licitada, porque tamén está desfeita.

O sr alcalde di que está en proceso.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus di que xa que antes se falou dos enchufes do mercado dos Tilos, pensa que todos os grupos recibiron as queixas da asociación de veciños que se queixan do vandalismo da zona. Pregunta se se tomou algún tipo de medida como aumento de controis ou o algo.

O sr. alcalde di que se comunicou á policía pero que xa se sabe das limitacións dos seus horarios, entón se se produce fóra dese horario é algo complicado, e ademais teñen que atender a todo o Concello. Sinala que dunha maior presenza na zona si que se comentou xa hai algún tempo.

2.- A sra. Lemus di que tamén lle faloron do tema das ratas na mesa zona dos Tilos, e na Travesía de Cacheiras. Pregunta se se está procedendo á desratización das zonas, porque é certo que nos Tilos, polo menos as que ela veu, desapareceron, claro que tamén entende que non van pasar cada vez que pasa ela. Sinala a sra. Lemus que o dos Tilos era bastante recorrente.

O sr. alcalde di que si, que se fixo, pero que non é un proceso rápido xa que, dende que se inicia o proceso ata que se consegue a efectividade, hai un tempo polo medio, pero que dende logo as dos Tilos deberían de estar xa liquidadas. Solicita que, se hai algún caso concreto, que o informen, porque se actuaría nesa zona concreta.

3.- A sra. Lemus pregunta se se pintaron as humidades da EIM dos Tilos, que parece ser que se solicitara por parte da asociación de veciños en febreiro deste ano, e que había moitas humidades, e non recibiron resposta.

O sr. Igrexas di que xa se fixo. Explica as xestións feitas e aclara que ata que estivera pechada a escola non se podía pintar, e por iso non se fixo antes.

4.- A sra. Lemus pregunta polos monolitos dos buses. Di que os veciños dos Tilos se queixan do da Rúa Loureiro, que hai algún tamén na propia travesía da Ramallosa, que non se ve, e a colocación dalgúns outros pensa que habería que revisala. Non sabe se sería posible introducir algún tipo de información a maiores do código QR, porque a verdade é que hai moita xente, non só maiores, que non teñen esa aplicación e non saben como facelo. Ademais a información do código QR envía á páxina xeral da Xunta ou á páxina xeral do Concello, onde hai que buscar a parada entón, cando se chega ao momento de saber onde está a información que se busca, leva tempo.

Considera a sra. Lemus que debería ser unha información máis rápida, máis áxil na súa busca, e non sabe se é posible mellorar a información dos monolitos, que doutra banda están empezando a ser utilizados como taboleiros de información veciñal, co cal se está perdendo o sentido dunha subvención europea que era para a mellora do transporte público municipal.

A sra. López, polo que se refire aos dos Tilos, da Rúa Loureiro e na Rúa Carballo, sinala que se puxeron en contacto con ela porque orixinalmente había algún veciño que pensaba que estaban mal postos, pero están ben. O bus dos Tilos, de transporte dos rapaces saíu en servizo compartido, é o único que hai no Concello, entón hai unha parada. Aí a xente, se quixese empregar o bus do instituto, podería pagar un servizo e tería dereito a baixar nesa parada, polo tanto están ben postos os monolitos.



Sinala a sra. López que, tratándose da sinalización, efectivamente tomouse unha decisión de unificar nun primeiro momento a información, e concorda coa sra. Lemus que non é todo o fluída que precisa, pero tamén é certo que, sen tentar poñer escusas, é un traballo ímprobo para o Concello que non sabe ata que punto se debera asumir aínda que se está facendo. Considera a sra. López que o que non é serio é que se se pon un horario cun logo do Concello queren ter a certeza de que ese horario é o último e definitivo, porque dende logo se xa recibe ela persoalmente como concelleira de Mobilidade moitas queixas que non lle corresponden porque a Xunta é inaccesible e Mombús tamén, habería que imaxinar que acontecería se se pon un horario ad hoc para cada parada, debendose ter a certeza nese caso de que é o definitivo. A sra. López di que en todo caso concorda coa sra. Lemus en que o que hai agora non é o máis resolutivo.

A sra. Lemus di que o que é certo é que o da rúa Loureiro ademais ofrece un problema de accesibilidade na propia beirarrúa, é dicir, que non está colocado no sitio exacto que debería colocarse senón que aparece coma un obstáculo na propia beirarrúa, e é certo que Teo está cheo de obstáculos na beirarrúa, polo que se se pode intentar que os novos non se fagan así. Di a sra. Lemus que ela miraría de intentar revisar esa localización.

5.- A sra. Lemus interésase por varios escritos presentados dos que non recibiu resposta. Refírese ao saneamento en Ribas, nos números 26 a 28. Di que o presentou en setembro dúas veces, e xa é reiterativo, e os veciños pregúntalle cando vai ser posible o saneamento e abastecemento, pois o alcalde comentou nalgún momento que sería este ano, polo que polo menos habería que saber se hai algunha previsión ao efecto.

O sr. alcalde di que vai ser este ano.

A sra. Lemus di que iso tamén podería terllo respondido por escrito.

O sr. alcalde di que ten toda a razón do mundo, e pide disculpas por non telo feito.

6.- A sra. Lemus refírese a outra pregunta á que non se lle contestou, relativa aos informes sobre as obras da Casalonga. Di a sra. Lemus que agarda que, tratándose de

Castañal, que queren un lombo, non se lle pinte tamén unha senda verde. Sinala que, como non se lle respostou, descoñece se finalmente nas obras da Casalonga hai algún informe de Patrimonio.

O sr. Igrexas di que o problema é precisamente que faltaba o informe da Policía, que llo pasaron no día de onte e que pensa que mañá lle pode enviar o informe.

O sr. Igrexas, tratándose do tema do Castañal, di que non sabe exactamente que dirán os técnicos, porque pensa que alí xa houbo un intento de sentido único que durou dous días, segundo lle informaron, e houbo un momento no que se puxeron alí uns sinais que aos dous días se sacaron, ou algo así. Salia que é unha cuestión complexa, como ben saben todos, e verase o que os técnicos de urbanismo lle indiquen que se pode facer alí e cando o saiba trasladarao. Sinala o sr. Igrexas que el o único que sabe neste momento é que hai esa solicitude, que pensa que é anterior á asunción das súas competencias, polo que realmente non tiña coñecemento dela, co cal está á espera de que lla pasen, e tentárase de ver algunha solución. Salia que o importante é a seguridade da xente, e non só da xente que vive alí, senón tamén da que pasa, que é moitísima neste momento.

Sinala o sr. Igrexas, tratándose do permiso de Patrimonio da obra de Casalonga, que non hai, aclarando que non é unha obra, senón unha actuación urxente de seguridade viaria.

7.- A sra. Lemus interésase polo pintado ou despintado da Igrexa de Calo, da zona de bus, que unha semana se pintou e outra despintouse, pregunta porque se fixo.

O sr. alcalde di que a parada de bus vai alí, ten que ir onde estaba pintada, é dicir, fíxose como a empresa o tiña que facer. O que pasou foi que se está traballando coa Igrexa na habilitación dun aparcadoiro alternativo entón foi unha petición expresa do párroco de Calo que mentres non se habilitase dito aparcadoiro alternativo que se despintara, porque tiñan medo, polo que pasara noutros sitios, de que o domingo se puxeran multas poloa Policía local á xente por estar aparcados enriba da parada, entón, como previsiblemente será unha cuestión dun mes, por iso se procedeu a despintar.

A sra Lemus entende que a localización dese aparcadoiro vai ser nunha parcela que hai en fronte.

O sr alcalde di que si.

8.- A sra. Lemus pregunta polo novo banco de Penelas. Di que está colocado e entende, que nunha propiedade privada.

O sr Igrexas di que non é así, que foi unha cesión.

A sra. Lemus pregunta se se cedeu por escrito ou por algún determinado tempo.

O sr. Igrexas di que a Asociación de veciños o solicitou e lles autorizaron para poñer o banco.

A sra. Lemus di que xa anuncia que vai solicitar o anuncio da cesión.

O sr Igrexas di que non é que lle cederan o terreo, senón que lle autorizaron a utilizar o terreo.

A sra. Lemus di que os bancos públicos non se poden colocar en terreos privados. Sinala que isto é como o das farolas da urbanización da Travesía de Montouto, que sempre se discute no Pleno, se están colocadas en terreo privado son privadas, que se se colocan cousas públicas en terreos privados non é posible sen autorización, igual que un privado non pode colocar nada en dominio público, hai que facer unha cesión ou de uso, de superficie, o que sexa, pero pensa que todos son conscientes porque se tramitaron miles de cesións.

Sinala que ademais trátase dun banco que colocou a propia brigada municipal de obras. Repite que non lle parece normal e que non lle parece unha forma de actuar. Non entende a sra. Lemus ata que punto se pode facer, porque entón ela tamén podería promover, por exemplo, que a asociación Rosalía de Castro de Cacheiras pida que se lle faga a obra da piscina, que se lle limpe e se lle manteña.

Pensa a sra. Lemus que hai que ter un pouco de orde, que isto é unha Administración Pública, o dominio público é o dominio público e o dominio privado é a propiedade privada. Se hai que gastar cartos públicos nunha zona privada ten que haber unha

cesión, de uso, temporal ou do que sexa, pero ten que haber un rexistro da propiedade, porque non se poden colocar cousas públicas en zonas privadas. Considera a sra. Lemus que é de caixón, é que ela cando viu aquel banco, xa sabía que hai un camiño e se pode discutir o que sexa e o problema que hai con esa sentenza, e que hai un conflito veciñal, pero só hai un dereito de mantemento de conservación, non un dereito de paso continuo e constante, pero ese é outro tema.

Considera a sra. Lemus que topar un banco nunha propiedade privada, colocado por unha brigada municipal, por moita autorización que haxa do mundo mundial non funciona así, sobre todo porque pode ofrecer problemas. A propiedade privada é propiedade privada, nin cando se ocupa como concello se fai mal e haberá que recoñecer que nalgún momento se ocupou propiedade privada por urxencia e non se fixo ben, e iso é así, pero que se diga que non hai unha cesión, que é por unha autorización, por unha solicitude, por moito que diga un propietario, só por seguridade xurídica, que isto é unha Administración Pública e non pode ser, que non se está falando entre dous veciños que cheguen a un acordo para mover unha pedra entre os dous. Os bancos colócanse con cartos públicos e con utilización de medios públicos sempre con papeis por diante. Reitera a sra. Lemus que lle parece unha barbaridade.

O sr. Igrexas di que non hai ningún problema, que entende o que di, pero que a cuestión é a seguinte, que non se pon nun espazo privado porque ten unha utilización pública, está nun roteiro sinalizado e recoñecido coma un roteiro municipal, que ten un dereito de paso, un dereito de uso, está nun espazo coma unha utilización pública, non é o mesmo que facer algo dentro do terreo dunha asociación para un uso exclusivo desa entidade. Pensa que é mellorar o entorno dunha ruta, que é unha ruta turística do Concello de Teo e, ao mesmo tempo, está respaldada por unha grande actuación veciñal. Di que, de todos os xeitos, lle trasladará á asociación as súas críticas para que en caso de consideralo que se poida actuar.

A sra. Lemus di que a ela a asociación pida que se lle monte un circo de tres pistas nunha parcela privada parécelle por parte da asociación moi ben, e que a pidan todas, sinalando que o di porque como o sr. Igrexas sinala que lle vai mandar as súas críticas á asociación. Di a sra. Lemus que o sr. concelleiro o que ten que facer como administración é tramitar os expedientes conforme á lei, e aquilo non é conforme a lei,

xa que por moito que exista un roteiro iso non da dereito de propiedade, e nin sequera da dereito de uso, que é unha cuestión de ben municipal, de regulamento de bens.

Sinala que tampouco se vai poñer normativa, pero que se pode dicir que é unha crítica, pero que ela non critica á asociación, pois poden pedir o que sexa, senón que a crítica é en referencia ao que ten que facer a concellaría, como Administración Pública, que é defender o público e que, por exemplo, cando foi o da Horta do cura houbo que pedir cesións de superficie e ir rexistralo a un notario, e ir dun lado para outro, e que iso tamén habería que facelo cun banco nun terreo privado.

Explica a sra. Lemus que, ademais, o razoamento dos roteiros é moi perigoso, porque o feito de facer un sinalizado municipal por medio de propiedades privadas non da ningún dereito sobre esa propiedade privada, nin sequera os cinco metros de servidume de policía de augas dan dereito a ningunha Administración, só ao mantemento e conservación, non ao paso, e sábese perfectamente, porque cando se fixo a obra de Luou houbo que pedir a todos os propietarios cesión. Di que isto é o mesmo, e que non se lle diga que lle vai informar á asociación da súa crítica, pois non hai nada que dicirlles, e o que ten que facer o sr. Igrexas é levar a cabo as súas funcións como concelleiro do que sexa. Sinala a sra. Lemus que a ela sempre lle asina como Concelleiro de Deportes, pero que sexa do que sexa é o seu traballo, tramitar as cousas segundo a lei, porque senón é un problema, pois é fácil imaxinar que nuns anos se venda a parcela e a persoa que a merque veña dicindo que ten alí un banco municipal, na súa parcela.

Sinala que iso pasaría porque unha asociación, no seu dereito, pediu unha cousa, e a un concelleiro ocorréuselle que porque por alí pasaba un roteiro que está sinalizado na web que xa a podía facer, o que non quere dicir que exista unha propiedade nin nada, xa que os únicos roteiros que dan algún tipo de dereito de uso son os camiños, e é a Xunta de Galicia, Patrimonio, quen os regula, camiños históricos naturais, o resto non da ningún dereito. Di a sra. Lemus que o sr. Igrexas pasee por alí lle parece ben, pero que se meta nunha propiedade privada como particular xa non lle parece tan ben, pois ten o seu risco, e máis aínda que o banco o puxo unha brigada municipal. Sinala que iso non é culpa da asociación, que a asociación non ten nada que ver con esta historia,

senón que ten que ver con que hai que cumprir a normativa por parte dun concello, e non se está a facer.

O sr. Igrexas di que non hai ningún problema, que xa lle deu a lección de como era isto e que evidentemente é un banco, que chegado o momento incluso se pode doar á asociación e que o poña ela porque tamén é posible. Sinala que se verá como se pode facer pero de todos xeitos el considera que tamén é o seu deber como concelleiro de relacións veciñais trasladar isto.

Sinala que ao mellor ten que dicirlles exactamente de onde sae o problema para proceder a un cambio de réxime xurídico do banco. El pensa que é un acerto que ese banco estea alí, e de feito cree que mellora bastante a senda, que por certo xa non hai ese conflito xurídico co dono, pois xa se resolveu dende hai uns meses, xa está todo tranquilo e á asociación, que segue traballando polo ben público, haberá que informarlles para buscar unha solución para que o banco poida existir sen facer unha alteración do dereito administrativo.

A sra. Lemus di que lle parece fantástico porque o problema non é o banco, que a ninguén lle importa o banco.

O sr alcalde di que case se da por aclarado o tema do banco.

A sra. Lemus di que si, pero que a ver se se actúa como Administración.

9.- A sra. Argibay di que ao longo de agosto e setembro recopilaron numerosas informacións na prensa acerca de obras realizadas pola Xunta nos centros de ensino da contorna: Ribeira, Palmeira, Brión, Boiro, Padrón, Compostela, Ames, investimentos de 650.000 €, 400.000 €, grandes reformas e melloras que a Consellería, dentro das competencias que ten asumidas, vén de facer nestes centros.

Tamén viron na prensa información acerca de reunións dos alcaldes e concelleiros destes concellos coa Consellería, solicitando as melloras para os centros de ensino dos seus municipios. Falaron cos centros, pediron información aos centros de ensino de Teo e en todos dixeron que a Consellería non fixera este curso absolutamente ningunha obra de mellora, en ningún deles, malia as grandes carencias que sobre todo Calo e Tilos teñen. O CEIP dos Tilos precisa un cambio de cuberta completo, así

xustificado cun expediente en anteriores peticións feitas por eles, así como unha ampliación do comedor para dar cabida aos alumnos que quedan fóra do mesmo, arredor de 40. O CEIP de Calo tamén precisa un cambio completo de fiestras e persianas, así como unha mellora do illamento do mesmo e un ascensor xa de mandado en infinitas ocasións.

Di a sra. Argibay que lle gustaría saber se dende a Concellería de educación ou dende a Alcaldía de Teo se presentou algún escrito ou se solicitou algunha reunión coa Xunta, co Conselleiro, coa Dirección xeral de centros, para solicitar as melloras tan necesarias nos centros, ou para manifestar enerxicamente unha queixa pola falta de obras que son moi necesarias nos centros de ensino de Teo. Di a sra. Argibay que dende o seu grupo municipal entenden que os centros de ensino de Teo si que están á cola en inversións por parte da Consellería de educación.

A sra. López di que está totalmente de acordo co que comenta a concelleira. Explica que no día de onte publicaban na páxina da Xunta de Galicia o plan de nova arquitectura pedagóxica, que ten comprometidas 38 actuacións en centros educativos de Compostela, por máis de 7 millóns de euros, e cando o veu empezou a buscar por orde alfabética e o que viu foi: Ames, Boqueixón, Dodro, Frades, Ordes, Ordes, Negreira, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, polo que pasaron do Concello de Teo outra vez.

Reitera a sra. López estar totalmente de acordo coa sra Argibay, e di que hai, por parte da concellería 3 peticións, é máis unha conversa informal que tiveron co Conselleiro cando foi a inauguración da ponte de Pontevea, pois houbo ocasión de estar conversando de xeito informal e reiteráronllo. Lembra que, de feito estaba, o sr. Guerra con ela cando falaban de que o colexio de Calo cumpre 25 anos o próximo ano e que debían de atender ao Concello con urxencia. Sinala que, perante esa nova que onte leron, reincidiron na petición pero esa petición non a conceden.

Sinala a sra. López que hai un escrito onde se solicita o comedor dos Tilos, o cambio da cuberta en concreto pensa que non, pero si que din que os Tilos precisa, igual que no seu día a Ramallosa, unha reforma integral. Tamén se lles falaba dos 25 anos do

CEIP de Calo, e que aí non se investiu nin un euro, máis que as reformas que poida ir acometendo o Concello, cun orzamento limitado. De feito, si que se estableceu un aumento no orzamento da Concellaría de educación porque realmente vive con asfixia os investimentos que hai que facer nos centros.

Repite a sra. López que concorda coa sra. Argibay co que está dicindo e mais, engadindo que se queren trazar outro plan e pasar a acción noutra forma máis reivindicativa estará tamén de acordo.

A sra. Argibay pregunta se a consellería respondeu a eses escritos. A sra López di que, se non lembra mal, pola súa parte con respecto a Tilos mínimo 3 veces, a última pensa que de xullo, onde se dicía expresamente de novo todo o que se pedira antes, e despois reincidiron na petición de reunión dúas veces máis, agora en setembro.

A sra. Argibay comenta que habitualmente no consello escolar municipal se tratan estes temas, porque se fan en conxunto de toda a comunidade educativa e pregunta se se fixo algún consello escolar municipal no último ano.

A sra López di que, aínda que agora non está segura, pensa que non.

A sra. Argibay di que na súa época si o fixera, pero non sabe se hai algún máis convocado.

A sra López di que non.

## **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Sánchez di que as súas peticións eran todas respecto dos monolitos e o transporte, entón era simplemente unha análise.

Di que se pode empezar a enumerar, porque pensa que todos os concelleiros reciben algunha mensaxe dalgún veciño dalgunha zona, pero nomeadamente de Oza, Cobas, da Torre, de Raxó. Sinala que, a raíz disto, quere pedir dúas cousas, moi directas. Sinala que efectivamente para aquela xente que si teña certa destreza utilizando os códigos QR a información estea o máis icónica posible, o máis semellante a unha liña



de bus ou de metro de cando calquera vai a calquera cidade e ve en diferentes cores coas diferentes paradas. Explica que en Cobas os propios veciños colleron, imprimiron a folla que lles saía en internet e puxérona na parada, engadindo que tamén hai que pensar na xente que non utiliza os códigos QR.

Descoñece o sr. Sánchez cal é a solución e probablemente non sexa a máis ecolóxica, pero en calquera caso si que habería que tentar buscar unha que sexa accesible tamén para a xente que non ten accesibilidade a eses códigos.

2.- O sr. Guerra di que quere preguntar, unha vez máis, pola pista que vai dende o número 9 de Maios ata o campos da festa de Teo, que está nun estado lamentable, que se pode dicir de moitas pero trae 4 ou 5.

3.- Di o sr. Guerra que a pista que baixa por Cornide, que segue igual, que parece unha corredeira.

4.- Di o sr. Guerra que a pista de Campos, polo interior, aínda que é certo que se vai reparar a que vai por Noceda, vindo polo interior está destrozada de todo.

5.- O sr. Guerra refírese á marquesiña de Rivas, vindo da estrada de San Xulián cara Ribas, aquela marquesiña que se puxo nunha beirarrúa e se lle puxo un espazo diante, invadindo a estrada onde un coche non hai moito rompeu dúas rodas, porque chocou contra ese espazo que invade a estrada. Sinala que os veciños din que non é o sitio máis axeitado para situar esa marquesiña.

O sr. alcalde di que non o é, pero que se intentou con todos os veciños dos da redonda e non houbo maneira, entón houbo que metela no único sitio público que se podía meter. Pero por exemplo tentouse nas dúas que fan esquina antes, en fronte, e non houbo maneira.

6.- Interésase o sr. Guerra polo camiño francés, do que di que xa se falou nalgunha vez, e sinala que está nun estado lamentable.

7.- Di o sr. Guerra que, en relación aos espellos, lembrouse dun único espello que hai na súa aldea, en Lamas, que efectivamente se desintegrou a parte de atrás, e a parte de adiante desapareceu, polo que se se substitúen, pediría que se tivera en conta.

O sr. Sánchez sinala que tamén acontece en Raxó, ao lado do Canicoba.

8.- A sra. Vázquez pregunta polos letreiros das aldeas, se hai algún procedemento para revisalos, ou se se cambian cada certo tempo ou cando se avisa de que algún estea mal. Sinala que se interesa polo tema porque en Olveira, o da parte de arriba, está medio tumbado, ao igual que o de Maios, indo da recta cara Agromaior, o que está xusto no cruce para ir para a aldea, e tamén o de Tribaldes, aínda que entende que é pola obra, non sabe se a obra da senda está rematada e se vai recolocar. Salienta a sra. Vázquez que haberá moitos máis, porén eses son tres dos que concretamente lle falan os veciños.

10.- A sra. Castro di que na zona de Balcaide, na rúa de Cascandelo, comentan se se podería poñer algunha banda reductora de velocidade, porque ata a Nacional ese é un rallie continuo todos os días.

11.- Sinala a sra. Castro que na zona do CEIP de Calo, na parte de arriba, había uns contedores, onde está o portal por onde entran os autobuses, e leváronse ao cruce da esquina que vai cara as Pontes, en Fixó. Entende que foi pola obra para facer as beirarrúas, entón o que pasa é que hai un problema polas mañás, pois a xente non pode pasar polos autobuses e os coches, e preguntan se non hai algunha solución para poder pasalos para o outro lado. Sinala que os veciños entenden que o camiión ten que ir marcha atrás ese cacho para poder descargar o lixo pero polo menos quitálos de alí.

12.- A sra. Calvo di que tamén ten varias cousas da asociación dos Tilos, que falan con todos os grupos, o cal é lóxico e normal.

Sinala que quere facer unha puntualización co tema do cableado. Considera que non é vandalismo, porque levan varios anos así, e están no parque en fronte das pistas. De feito cada vez que chove están sen luz e hoxe mesmo estiveron sen luz.

O sr. Igrexas sinala quea el lle din que o tema eléctrico no ten problema.

O sr. alcalde di que se mirará.

13.- Tratándose do temas das ratas, a sra. Calvo di que é un problema xeralizado, pero insisten en que hai moitísimas no vestiario do pavillón.

O sr. Igrexas di que é a primeira noticia que teñen, que nin os monitores, nin os equipos que o utilizan, ningún lles fixo chegar ningún aviso.

A sra. Calvo di que a ela dixéronllo esta mesma semana, na asociación de veciños, engadindo que ao mellor os monitores canalizan a través da asociación.

O sr. Igrexas di que se os monitores contratados polo Concello van á asociación de veciños para dicir que hai ratas, entón hai máis problemas que un.

A sra. Calvo sinala que, en calquera caso, con ir alí e comprobalo xa está.

O sr. Igrexas di que non hai problema, que se pode desratizar directamente.

14.- A sra. Calvo di que os veciños preguntanlle pola poda das árbores, que levan 2 anos sen facela. Pregunta se se vai facer este ano.

O sr. Igrexas di que a cuestión da poda é unha cuestión que se podería debater horas, engadindo que non se trata dun tema político, senón técnico. O encargado de parques dende hai anos o que estaba intentando, segundo lle describiu, era subir os plátanos para que chegaran a unha altura que non colisionaran co transporte e demais entón o que se lle foi facendo foi subilos, di que agora teñen unha altura e considera, ou así lle trasladaron, que o normal nese momento da árbore é equilíbralas, salvo cuestións moi puntuais dalgunha rama que baixe ou algunha cousa que se desprenda. É dicir, que o que se busca ou se buscou durante estes anos pasados foi unha sostibilidade nas árbores. Entón, o de podar e deixalos como se foran garabullos é algo que non se fai e que ademais non se debe de facer porque senón acaban como os de enfrente ao Concello, que están totalmente destrozados e que son árbores que nalgún momento van dar un problema serio, porque logo púdreanse por dentro, as pólas están mal ancoradas, hai caídas, entón tecnicamente en principio é o que se recomenda. Reitera o sr. Igrexas que a decisión de non cortar non é política.

Sinala o sr. Igrexa que podería dicir que non se fía dos criterios técnicos e facer unha loucura, porén o que sería unha loucura e unha irresponsabilidade sería non fiarse do que lle din os técnicos do Concello.

15.- Pregunta a sra. Calvo polo columpio do que xa se falou antes, no parque que está precintado, engadindo que lle din que está tirado no chan.

O sr. Igrexas di que foi antonte por alí e aparte estaban os de parques e foron ver de novo aquilo e o columpio non o veu no chan.

A sra. Calvo di que ela traslada o que lle din, xa que tampouco ten por que poñer en dúbida.

O sr. Igrexas di que el persoalmente non entende que se teña que chamar a un grupo da oposición porque hai un columpio tirado, xa que sería máis fácil coller o teléfono e pedir que se saque o columpio, pois cos columpios de Rarís, de Lampai, de Montouto, foi o que pasou, chamaron os usuarios do parque que avisan que está roto e vaise a arranxar. Sinala que se esa é a forma de traslado que ten a xente, vai a atrasar as cuestións

A sra. Calvo di que é a forma que teñen de sempre. De feito din que chaman a todos os grupos e é o lóxico, que non están aquí postos polo concello.

O sr. Igrexas sinala que non lle di iso, senón que lle entran comunicacións de asociacións habitualmente, cada semana algunha.

A sra. Calvo di que tamén meteron moitas cousas por rexistro e moitas delas non se lle contestaron. Sinala que agora mesmo non vai facer un relatorio porque non o sabe de memoria pero o próximo día pode traelo.

O sr. Igrexas di que é certo que algunha se contestou directamente, por exemplo, están pedindo unha papeleira para o interior do parque dos cans.

A sra. Calvo di que a porta dese parque tamén ten problemas, que a cerradura queda atascada.

O sr. Igrexas di que o outro día unha señora quedou pechada, chamaron e foi Protección Civil, desatascouna e quitoulle o bombín para levalo a arranxar. Sinala que foi o xoves da semana pasada e supón que se pediría a peza, engadindo que as cousas rompen.

A sra. Calvo di que iso é normal.

O sr. Igrexas pensa que a cuestión é que pode haber algunha, que aínda a veu hoxe, o que aínda non se contestou. Sinala que as papeleiras baléiranse unha vez á semana e os contedores todos os días. Entón, a caca de cans metida en bolsa ó sol, durante unha semana, non parece o máis hixiénico cando o contedor que se lles puxo á porta do parque ese se baleira todos os días, e el xa o transmitiu.

Con respecto ao da porta, sinala o sr. Igrexas que o xoves pasado chamou unha veciña que vive enfronte para dicir que quedou unha señora atascada, o que pasou foi que a señora quedara dentro encerrada co can, entón chamouse a Protección Civil, foron alí e abriron a porta. Ao día seguinte foron os de obras, sacaron o bombín e solicitouse outra peza, que aínda non chegou, e cando chegue poñerase.

A sra. Calvo di que o está explicando xenial e que lle parece perfecto.

16.- Sinala a sra. Calvo que lle piden o arranxo dos socavós da rúa Castiñeiro, enfronte máis ou menos á altura do supermercado, que hai dous.

O sr. Igrexas manifesta que os viu, que xa o sabe.

17.- Sinala a sr. Calvo que tamén lle din que a praza do mercado está feita unha pena, que precisa algo de mantemento e que a petición que xa trouxeron varias veces, se pode a policía de vez en cando pasar por alí.

O sr. Igrexas di que se avisou á policía, á garda civil...e que si é certo que se está pensando en contratar a unha empresa que borre as pintadas, porque tampouco é algo tan doado. Explica que os Tilos e Parque Montouto teñen a tres persoas dunha brigada de Parques e xardíns permanentemente traballando.

A sra. Calvo di que para iso son os impostos.

O sr. Igrexas di que tamén están comunicando constantemente calquera cousa que ven, e non só fan cousas de parques e xardíns.

A sra. Calvo pensa que o máis operativo era que tivese unha reunión coa asociacións, tomar a iniciativa e ser máis proactivos nese senso, engadindo que é unha recomendación que ela fai.

18.- Pregunta a sra. Calvo pola piscina. Sinala que, dada a época actual, non é o máis urxente, pero non teñen extintores e queren saber que vai pasar coa bibliopiscina.

O sr. Igrexas di, ironicamente, que agora co cambio climático, vai haber unha reapertura no mes de outubro.

A sra. Calvo sinala que só quere saber se se vai reparar.

O sr. Igrexas di que as piscinas teñen que saír a concurso, e a xestión da bibliopiscina farana quen saque a concesión.

Tratándose dos extintores, o sr. Igrexa sinala que é un tema do cal estivo falando co departamento de urbanismo porque se lles pasou aos técnicos que no seu día fixeron a recepción da obra, pero ese é un tema do citado departamento, xa que os técnicos de deportes non saben onde teñen que ir. Sinala que si é certo que naquel momento se recepcionou a obra e ninguén sabe moi ben o que pasou e logo quedou aí. Agora falou cos técnicos do departamento de urbanismo para que fixeran o estudo e digan que extintores fan falta e onde teñen que ir colocados e no momento en que se volva abrir evidentemente poranse, pero é un tema que vén arrastrado dende hai anos.

A sra. Calvo comenta que é o que quería saber, se se ía subsanar.

O sr. Igrexas responde que é evidente e que de feito é un tema que parte dunha subvención da Deputación, que ten moitas eivas, todas as piscinas, empezando porque entregaron a obra pero non o proxecto, co cal é moi difícil saber cousas dese proxecto, pero que o departamento de urbanismo fixo unha revisión desas instalacións e determinou que é necesario que haxa extintores.

19.- A sra. Rosende di que os comerciantes da Travesía de Cacheiras queren saber se están xestionando o tema do aparcadoiro porque a semana pasada volveu haber varias multas e os locais quedan sen clientes.

A sra. López di que a solución non é doada e que, despois de darlle moitas voltas, depende todo incluso dunha finca. Di que o sinte porque incluso se puxo en contacto cos propietarios e logo dende o departamento de urbanismo lle comentaron que así non se podía facer. Sinala tamén que é complicado pois pasa aquel regato indo cara a Raxó e a Ribeira, que é onde ela contactou con dous propietarios.

Explica que a solución vai pasar por algunha das dúas casas que hai enfronte de Abanca ou por aí, engadindo que nesas están, pero que de momento non hai nada pechado. Reitera a sra. López que non é unha negociación fácil, engadindo que agradece calquera tipo de vontade e voluntarios que queiran ofrecer unha parcela en Cacheiras para un aparcadoiro municipal.

A sra. Rosende di que é un tema que hai que solucionar porque se se fomenta o consumo no comercio local e non se facilita que se poida aparcarse non vale de nada.

A sra. López di que é certo, pero que non é doado, engadindo que non é por tirar balóns fóra pero é que non se da pechado ese tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e trece minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz